

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN MUSICAL

EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE GRAXAL
O Temple (Cambre)

María José García Morandeira

Mestra especialista

INDICE

1. INTRODUCCIÓN.
2. CONTEXTUALIZACIÓN.
3. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.
4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.
5. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.
6. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.
7. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO.
8. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
9. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN
10. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.
11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.
12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
15. MEDIDADES DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.
17. CRITERIOS A SEGUIR PARA A ELABORACIÓN DA PD SEGUINDO AS DIRECTRICES ESTABLECIDAS NA CCP.
18. **ADAPTACIÓN DA PD AO CONTEXTO COVID.**
19. PD 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º PRIMARIA.

1. INTRODUCCIÓN.

Esta Programación Didáctica de Educación Musical será un dos elementos esenciais no desenvolvemento da autonomía pedagóxica e, á súa vez, o instrumento que facilita a toma de decisións por parte do profesorado, permitindo que estas sexan o máis adecuadas posibles ás necesidades educativas do alumnado, ás calidades profesionais do equipo docente e aos medios dos que se dispón.

A finalidade desta programación é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes para alcanzar unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, procurándose a integración das súas experiencias e aprendizaxes e adaptándose ao seu ritmo de traballo, de acordo co recollido no *Decreto 105/2014* polo que se establece o currículo da Educación Primaria.

Esta PD pode sufrir modificacións en función da situación sanitaria que estamos a vivir (actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial) podendo ser tamén modificada a metodoloxía e os procedementos e instrumentos de avaliación segundo se presenten casos de confinamento, normalidade ou situacións temporais ás que se fai referencia no Protocolo Covid 19 do centro e no Plan de Continxencia.

A PD deste curso cambia con respecto á PD dos cursos anteriores debido a que non se dispón de aula de música e a utilización de instrumentos de percusión será reducida e con intervalos de tempo debido á desinfección e corentena pola que teñen que pasar sendo alternados por quincenas nas diferentes aulas.

Procederase á petición dalgún material como palillos chinos ou vaso de plástico duro así como instrumentos propios construídos polos alumnos e alumnas para seren utilizados de maneira particular na falta dos outros instrumentos para traballar lecturas e acompañamentos rítmicos.

En canto á fruta, seguindo o Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 só se poderá utilizar na aula para practicar unicamente as posicións e se a situación temporal o permite farase unha práctica nos espazos de fóra no centro.

Dentro dos obxectivos, contados e estándares de aprendizaxe así como nos criterios de calificación e promoción e algunhas tarefas aparecerán cun * aqueles dos que poidamos prescindir no caso de confinamento sendo prioritarios o resto.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

Denominación: C.E.I.P. Plurilingüe Graxal.

Titularidade: Pública (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia)

Niveis educativos que imparte:

- Segundo ciclo de Educación Infantil.
- Educación Primaria.

Servizos complementarios:

- Comedor (xestionado pola xunta).

Correo electrónico: ceip.graxal@edu.xunta

Páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/ceipgraxal.

O noso centro atópase situado no Concello de Cambre, na parroquia de O Temple; a única parroquia costeira do concello, xa que está ubicada a carón da Ría do Burgo. Está encadrado, polo tanto, na área metropolitana da cidade de A Coruña. Está comunicada coa cidade (a 8 km.) por unha autoestrada e unha estrada nacional. É obvio que esta circunstancia condiciona en gran medida:

- a súa densidade de poboación (a máis elevada do concello).
- a idade media da mesma (ao redor dos 36 anos).
- as características socio-económicas da mesma (clase media e cada vez cunha maior porcentaxe de poboación inmigrante).

É unha zona en crecente desenrolo xa que tamén é a parroquia do concello onde se construíu un maior número de edificios de vivendas. Isto motiva un aumento da demanda escolar e de servizos complementarios.

Practicamente todo o alumnado reside arredor do colexio; polo tanto non existe servizo de transporte.

A incidencia do paro estase a notar nalgunhas familias de forma negativa, así mesmo, outras reclaman máis servizos polo horarios laborais dos proxenitores.

A lingua vehicular da maioría do alumnado é o castelán e outro deben o descoñecemento do galego á súa procedencia estranxeira.

3. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Esta avaliación inicial realizarase ao principio do proceso educativo e ten como obxectivo a planificación do mesmo.

Farase logo unha avaliación procesual e continua, realizando durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe e co obxectivo de ir modificando o propio proceso para adecualo á realidade concreta e aos obxectivos que se pretenden co mesmo.

E finalmente realizarase unha avaliación final do periodo educativo que nos pode servir como avaliación inicial do paso seguinte.

AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

9.1. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase durante a primeira quincena de volta á clase no mes de

setembro para coñecer o nivel dos alumnos/as. Os instrumentos para a realización de dita avaliación son:

- Intercambio de información co titor/a e co equipo docente que imparte algunha materia nel curso.
- Actividades de repaso dos contidos mínimos acadados o curso anterior.
- Simulación de situacións relacionadas co aprendido o curso anterior.
- Observación continua do alumnado nas actividades de repaso que realizamos na primeira quincena de setembro; co posterior rexistro.
- Aplicación de controis orais fundamentalmente e puntualmente escritos.

9.2. DESCRICIÓN XERAL DO GRUPO DESPOIS DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial permitirá a descrición xeral do grupo posibilitando:

- Identificar obxectivos, contidos e aspectos das competencias que teñen mellor acadados e en cales hai que incidir.
- Identificar as necesidades a nivel grupo.
- Identificar as necesidades individuais.
- Adecuación dos obxectivos priorizando e seleccionando os contidos ás características do alumnado.
- Estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado: Aprendizaxe cooperativo, titoría entre iguais...
- Adecuación das actividades aos diferentes niveles de competencia curricular do alumnado, respecto ao mesmo contido.
- Selección de diferentes materiais e recursos para a realización das actividades procurando a motivación do alumnado.
- Incidencia nos contidos que poidan supoñer máis dificultade.
- Utilización dos recursos das páxinas web especializadas para reforzar ou ampliar os contidos tratados en cada unidade.

9.3 MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS

A análise dos resultados será a base para determinar os seguintes aspectos:

- Establecer o punto de partida para elaborar a programación de aula.
- Agrupación dos alumnos/as: formación de grupos de traballo cooperativo.
- Reforzo educativo: concreción das medidas de reforzo individual ou en grupos dos alumno/as que o precisen, tanto dentro da aula coma fóra.
- Adaptacións curriculares significativas, ou non significativas, para o alumnado con necesidades educativas especiais que supoñen modificación o eliminación dalgún dos elementos prescriptivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Así pois nesta materia partírase da avaliación final do período educativo anterior e facendo un seguimento mediante unha observación directa e sistemática do día a día das actividades musicais levando a cabo o rexistro de resultados das actividades realizadas na aula así como a descripción de comportamento e actitude.

4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Este apartado figura en cada curso tendo en conta que están adaptadas para cada nivel.

5. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Este apartado tamén figura en cada curso tendo en conta que son estándares adaptados a cada nivel.

6. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a castelá, e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Conocer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

7. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO.

Aparecen reflexados en cada curso.

8. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Este apartado de concreción aparece en cada curso.

9. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

Este conxunto de actuacións levaranse a cabo para atender as necesidades educativas do alumnado que presenten desfase curricular tratando de que asimilen contidos instrumentais e de que vaian adquirindo progresivamente todas as competencias básicas.

Este plan debe ser dinámico, flexible e aberto máis tendo en conta a situación sanitaria pola que estamos pasando realizando as coordinacións necesarias co Equipo Docente. Desenvolverase mediante axuste curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, alomenos durante

o primeiro trimestre do curso 2.020/21, a pesar de que nesta área en principio apenas non precisamos aplicar este plan de reforzo e recuperación dado que xa no trimestre pasado todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos.

No caso de necesidades elaboraranse a partir dos informes individualizados redactados á finalización do curso 2.019/20 e da avaliación inicial e reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles o pasado curso académico, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Nesta PD aparecerían recollidas as aprendizaxes e as competencias clave non adquiridas no curso escolar precedente.

Faranse adaptaciónns necesarias que a docencia semipresencial ou non presencial poidan requirir, de ser necesario poñer en marcha este tipo de ensinanza.

10. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Farase uso da Aula virtual, con videoconferencias a través de Cisco Webex ou tamén a través da páxina web do Centro e Abalar.

Debido á situación sanitaria irei elaborando o Portfolio de Agueiro onde o alumnado irá vendo e comentando as súas actividades.

Debemos implicar ao alumnado en procesos de búsqueda de información, reflexión , aplicación e comunicación do coñecemento.

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

O uso de soportes e recursos dixitais están sendo de gran axuda como instrumentos mediadores entre o alumnado, o profesorado e as familias. Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Os recursos didácticos a empregar tanto nas actividades lectivas presenciais, semipresenciais ou non presenciais serán polo tanto preferentemente recursos dixitais, fomentando o uso das tics (aplicaciónns, películas interactivas, xogos musicais, lecturas rítmicas, videos informativos...).

- **Vídeos:** Youtube, Youtube Kids, Vimeo, App Flipped Primary, gravación de videotutoriais.
- **Cuestionarios:** Kahoot, Quizizz, Learningapps, Educaplay, Quizlet, Google Forms.
- **Presentación e recollida das propostas:** Genially, Padlet, Lino.It, Calameo, Scribd, Issue.

- **Webs con xogos/fichas interactivos:** Educaplay, Cerebriti, Liveworksheet, Quizlet, JueduLand blog.
- **Webs creación musical:** Incredibox, Tony-b Machine, Al-jazari, Notessimo, Chrome Music Lab, Typatone, The Rhythm Randomizer.
- **Audio, podcats, música libre:** SoundCloud, Ivoox, Audacity, Free Music Archive, Audionautix, Youtube, Banco de sons do Ministerio de Educación.
- **Edición/buscas de partituras:** Musecore, Noteflight, Flat.
- **Edición de imaxes, imaxes libres:** PhotoDirector, PhotoGrid, Pizap, FotoFlexer, Pixabay, Free Images, FreePik, Icon-Icons, Cartoonize.
- **Edición e creación de vídeo:** PowerDirector, Quick, IMovie, Loom (gravar pantalla)
- **Webs/blogs específicos de Música:** Aprendo Música, Los pequeños músicos, Blog de Cuchuflete, Músicaeduca, Aula de Música 2.0, Aula de Música do CEIP Gloria Fuertes.
- **Webs de información, cultura musical:** Los instrumentos musicales, Music Timeline, El Poder de la Palabra, El Atril, Musical Instruments, Consello da Cultura Galega.
- **Videoconferencias:** Cisco Webex
- **Materiais que teñamos na casa:** Obxectos sonoros, utensilios de cociña, instrumentos musicais, tarxetas con ritmos, xoguetes sonoros, peluches...
- **Materiais de:** Espazo Abalar.

Materiais impresos: Fichas impresas do caderno de música, partituras, lecturas, libros que teñan nas súas casas...

12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado, sempre adecuándose ás modalidades xa citadas de ensino presencial e non presencial, podendo evaluar de forma online coas actividades propostas.

Recurriremos a instrumentos de avaliación como as probas escritas, rexistro de expresión instrumental, caderno que poden aplicarse na aula ou ben a través da Aula virtual ou páxina web así como o rexistro de observación (en clase ou a través dos recursos dixitais).

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NA ÁREA DE EDUCACIÓN MUSICAL
------------------------	--

COMPRESIÓN LECTORA (CL)	<p>Promoveranse actividades que incrementen a comprensión lectora apoiando ás programadas no Proxecto Lector e Plan Lector así como ás deseñadas polos equipos de Dinamización de Biblioteca e Dinamización Lingüística do centro.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • Seguir con atención as lecturas, relatos ou contos propostos nalgunhas unidades. • Nomear os personaxes que interveñen nas lecturas, relatos, contos e cancións. • Resumir, mediante preguntas dirixidas polo profesor, o argumento dos contos e cancións. • Inventar outros desenlace para as historias, cancións, montaxes musicais, contos musicias... • Describir e debuxar personaxes, lugares ou situacións que se desenvolven nos relatos, contos e cancións. • Lectura comprensiva e expresiva do texto das cancións. • Comprender os vocablos novos que aparecen nos textos dos contos, relatos e cancións. • Ler algunha anécdota sobre figuras destacadas da música. • Ler e comentar en clase algunha lectura sobre distintos aspectos relacionados coa música: compositores, o oficio dos artesáns chamados “lutier”, teatros e lugares donde se interpreta a música... • Facer lectura silenciosa das ordes das actividades (cado estas están escritas) para comprobar o grao de comprensión lectora que van adquirindo os alumnos. • Observar a forma literaria bipartita en canción: retrouso-estrofa, retrouso... • Descubrir en cancións todas as palabras do texto que teñen a mesma rima. • Ler rimas co fin de percibir e practicar o ritmo interno que subxace nos acentos prosódicos do texto. • Comparar a estrutura das estrofas para buscar os paralelismos (mesmo texto) e o texto que cambia. • Inventar outro final de estrofas, respectando a mesma rima. • Busca e investigación de refráns, ditos, ladaiñas, encadeados, poesías... para lellos, aprendelos e comentalos en clase.
EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA (EOE)	<p>Promoveranse actividades que incrementen expresión oral e escrita apoiando ás programadas no Proxecto Lector e Plan Lector así como ás deseñadas polos equipos de Dinamización de Biblioteca e Dinamización Lingüística do centro.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • Dramatizar contos e cancións. • Contar algunha historia “musical” narrada polos seus avós e desexar compartila cos/cas compañeiros/as. • Recitar e crear rimas co fin de percibir e practicar o ritmo interno que subxace nos acentos prosódicos do texto. • Crear rimas propias e lelas e recitalas en grupo acompañando con pequena percusión.

	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura comprensiva e expresiva do texto das cancións. • Aprender vocablos novos que aparecen nos textos dos contos, relatos e cancións. • Descubrir en cancións todas as palabras do texto que teñen a mesma rima. • Crear rimas propias, lelas e recitalas en grupo acompañando con pequena percusión. • Traballar sistemáticamente lecturas, relatos, contos, rimas, cancións, refráns... • Busca e investigación de refráns, ditos, ladaiñas, encadeados, poesías... para lellos, aprendelos e comentalos en clase. • Verbalizar situacións da aula: Explicacións das actividades, sentimentos que produce unha audición, xogo, danza...
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (CA)	<p>Proporanse actividades que incrementen a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión, cine, video, radio, fotografía, materiais impresos e programas de ordenador. Prestando maior atención a: como funcionan eses medios, como producen significados e de que xeito son recibidos e reconstruídos polas audiencias. A introdución dos medios audiovisuais terá entre as súas metas o desenvolvemento do pensamento crítico e da capacidade creativa a través do análise e a produción de materiais audiovisuais. Trátase de coñecer non só as tecnoloxías, senon, sobre todo, as linguaxes coas que se expresan, as estratexias comunicativas e os contidos das súas mensaxes.</p> <p>Será unha iniciación a unha alfabetización audiovisual buscando actividades axeitadas aos distintos niveis da etapa.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Seleccionar unha música que sirva de banda sonora para a creación dun conto musical. • Gravación de voces para unha dramatización utilizando un editor de audio tipo Audacity. • Crear ou buscar ilustracións para unha canción, poema, ladaiña, adiviña, conto musical... • Gravación e edición de actividades propias da clase: danzas, interpretacións, xogos rítmicos... para análise das mesmas e para subir ao blog de clase. • Analizar e decatarse da importancia que ten o uso da música nos medios de comunicación audiovisuais: anuncios, noticias, películas, cuñas radiofónicas...
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)	<p>Promoveranse actividades que fomenten o uso responsable das TIC, ao mesmo tempo que aproveitamos todas as posibilidades que estas nos ofrecen dada a súa constante presenza en todos os ámbitos da nosa vida.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilización de CDs de audio para a escoita das audicións, cancións, danzas... en cada unidade. • Utilización de recursos didácticos interactivos de CD-ROMS e

	<p>utilización de DVDs de películas relacionadas cos aspectos a tratar en cada unidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Consulta das páxinas web recomendadas para reforzar os contidos tratados en cada unidade. • Busca de información en Internet sobre os contidos tratados en cada unidade: cancións, ladaíñas, adiviñas, refráns, relatos, música popular, compositores, obras musicais, instrumentos, épocas, países... • Utilizar as posibilidades que nos ofrece Internet e as Webs 2.0: búsquedas de información, música in streaming, listas de reprodución, subida de materiais, xogos, actividade interactivas... • Recursos e materiais seleccionados recopilados no blog da clase de música “Descubriendo a música” http://descubriendolamusica.blogspot.com/es/ • Actualización do blog da clase de música con recursos, materiais seleccionados de diversas webs especializadas, materiais de elaboración propia, traballos do alumnado... • Utilización responsable dos recursos e posibilidades que nos ofrece Internet.
EMPRENDEMENTO (EMP)	<p>Promoveranse actividades que permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial, fomentando aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Participación nos proxectos que propoñen os equipos de Dinamización de Biblioteca e EDL. • Participación en actividades como o desfile de Entroido, onde deben crear unha comparsa con disfraces, instrumentos, letras tipo as das murgas, baile...
EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL (ECC)	<p>Promoveranse actividades que fomenten a solidariedade, o respecto á diversidade, a capacidade de diálogo e a participación social. Promovendo valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <p>Aprendizaxes de resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal familiar e social.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Descubrir a riqueza das manifestacions musicais (cancións, instrumentos, ritmos, danzas...) da nosa tradición cultural así coma as das distintas culturas actuais (especialmente as que conviven con nós) ou antigas e participando delas. •

	<p>Aproveitar a realidade intercultural do noso centro para unha achega a outras culturas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Integración co resto do grupo no desenvolvemento das actividades. • Disposición de axuda a outros compañeiros que posúen menos facilidade na aprendizaxe e o manexo dos instrumentos. • Boa disposición para coordinar a propia acción coa do grupo con fins expresivos e estéticos. • Apreciación das intervencións individuais nun contexto grupal. • Mostrar interese e respecto polas creacións dos compañeiros. • Esfuerzo no coidado do silencio para poder gozar da experiencia artística. • Esfuerzo no coidado do silencio para gozar da música. • Mostrar interese para coordinar os movementos propios cos dos compañeiros. • Colaboración para coordinar os movementos propios cos dos outros. • Gozar co canto de cancións que promovan e afiancen as relacións interpersoais. • Coidar e conservar os materiais e instrumentos da aula. • Procurar a participación de nenos e nenas por igual en todas as actividades. • Fomentar a aceptación de maneira natural de que non existes traballos e roles diferenciados por sexos. • Indagar sobre a equivalencia en número de personaxes femininos e masculinos vinculados a o mundo da música. • Fomentar o consumo e uso responsable dos materiais que se atopan en Internet. • Coñecer o significado das “Licencias Creative Commons”. • Coñecer as normas que rixen a propiedade intelectual.
<p>PREVENCIÓN DA VIOLENCIA (PV)</p>	<p>Promoveranse actividades que fomenten a prevención de calquera forma de violencia (de xénero, terrorista...), racismo ou xenofobia.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilizar para a celebración concreta do Día da Paz músicas que xa son “clásicos” para esa data, descubrir outros novos. • Indagar nas composicións e autores de eses “clásicos” para o Día da Paz, que acostumamos cantar nesta data. • Indagar na procura de personaxes relacionados coa música que

	<p>fomenten accións pola paz e a non violencia; intentando cambiar a vida das persoas a través da música.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades que desenvolvan os valores básicos da tolerancia, o respecto aos demais e a un mesmo, a aceptación e valoración do outro, o sentido do diálogo, a confrontación de ideas, a cooperación en tarefas comúns, a resolución armónica e pacífica de conflitos e o rexeitamento de toda situación de violencia. • Indagar na procura de personaxes relacionados coa música que fomenten os valores citados anteriormente; intentando cambiar a vida das persoas a través da música. Por exemplo Daniel Barenboim, José Antonio Abreu, Gustavo Dudamel... e as súas iniciativas como “West-East Divan Orchestra” ou “El Sistema” (que intentan cambiar a vida de xeneracións de xóvenes a través da música).
<p>DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (DS)</p>	<p>Promoveranse actividades que fomenten o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fomentar o rexeitamento ao ruído indiscriminado, valorando o silencio. • Axudar a coñecer a beleza dos sons da natureza, valorando os sons do ámbito no que se vive. • Apreciar o silencio como marco indispensable para poder captar o son e a música. • Tomar conciencia dos riscos do exceso de ruído e expoñendo os beneficios da relaxación, a musicoterapia, etc. • Descubrir o valor musical dos distintos obxectos cotiás. • Potenciar o consumo da música atendendo a criterios de calidade e non exclusivamente de modas. • Recoñecer a importancia da hixiene vocal, por medio de técnicas básicas para o coidado da voz (articulación, vocalización e respiración). • Valorar a voz como un instrumento privilexiado para a comunicación. • Tomar conciencia da importancia de coidar a postura corporal á hora de falar ou moverse para favorecer unha boa dicción, un movemento coordinado e para manter unha boa saúde. • Tomar conciencia da importancia de facer correctamente o proceso da respiración.
<p>EDUCACIÓN VIARIA (EV)</p>	<p>Promoveranse actividades para a mellora da convivencia e prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que se coñezan os dereitos e deberes como usuarios das vías públicas, en calidade de: peón, viaxeiro, conductor de bicicletas... Respecto ás normas e sinais de tráfico.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tomar conciencia da importancia de circular pola vía pública sin auriculares, xa que diminuen a capacidade auditiva e distraen

- a atención, sendo causa de algúns accidentes de circulación.
- Distinguir os sons cos que nos atopamos ao circular por unha vía pública, decatándonos do que significan: Sereas, pitidos, semáforos para invidentes...

14.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

DESCRIPCIÓN XERAL

Este tipo de actividades normalmente son organizadas en colaboración co resto do centro.

Este curso dada a situación de pandemia provocada polo Covid-19, en principio non se realizará ningunha´

Observando unha evolución favorable da situación, contemplaríamos máis adiante a posibilidade de organizar algunha dentro do centro. Estas non coincidirían con outros grupos do centro nin con alumnado doutro centro

CONMEMORACIÓNS

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións nas que a Área de Educación Musical participará de xeito coordinado cos distintos equipos docentes. Estas actividades celebraranse de xeito individual en cada grupo/aula:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente.

ESPECÍFICAS DA ÁREA DE EDUCACIÓN MUSICAL

Celebraranse de xeito individual en cada grupo/aula:

- Audición extraescolar das obras recomendadas.
- Utilización extraescolar das aplicacións informáticas, xogos e outros materiais suxeridos no blog da clase de música. Propostas de traballo con eses materiais.
- Traballos de investigación sobre algún aspecto traballado previamente na unidade (compositores, obras, cultura musical, historia da música, relatos mitolóxicos, fábulas, cancións, danzas, instrumentos, xogos, música popular...).
- Creación de instrumentos con materiais reciclados.
- Participación na Semana da Prensa buscando na prensa “Noticias musicais” como: Celebración dalgún evento musical, venta de entradas, venta de instrumentos, noticias sobre intérpretes musicais...

15.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

10.1. DESCRICIÓN XERAL DO GRUPO DESPOIS DA AVALIACIÓN INICIAL

- Funcionamento do grupo: Número de alumnos/as, forma de comportarse, relacións entre eles, horario dos grupos...
- Identificar obxectivos, contidos e aspectos das competencias que teñen mellor acadados e en cales hai que incidir.
- Identificar as necesidades a nivel grupo.
- Identificar as necesidades individuais.

10.2. MEDIDAS ORDINARIAS

- Adecuación dos obxectivos priorizando e seleccionando os contidos ás características do alumnado.

- Estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado: Aprendizaxe cooperativo, tutoría entre iguais...
- Adecuación das actividades aos diferentes niveles de competencia curricular do alumnado, respecto ao mesmo contido.
- Selección de diferentes materiais e recursos para a realización das actividades procurando a motivación do alumnado.
- Realización de actividades previas e complementarias ás propostas.
- Fichas de reforzo e de ampliación de cada unidade elaboradas polo/ mestre/a, sacadas de libros de texto, sacadas doutros materiais didácticos; tendo sempre como base os contidos tratados nas unidades.
- Incidencia nos contidos que poidan supoñer máis dificultade.
- Ampliación, profundización e enriquecemento dos contidos tratados nas unidades mediante traballos de investigación e experimentación para o alumnado con mellores aptitudes para a música.
- Utilización dos recursos das páxinas web especializadas para reforzar ou ampliar os contidos tratados en cada unidade.

10.3. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- Adaptacións curriculares significativas, ou non significativas, para o alumnado con necesidades educativas especiais que supoñen modificación o eliminación dalgún dos elementos prescriptivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- Curriculares de acceso: modificacións ou provisión de recursos espaciais, materiais ou de comunicación que van a facilitar que o alumnado con necesidades educativas especiais poida desenvolver o currículo ordinario ou, de ser o caso, o currículo adaptado.

16.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Instrumentos deseñado para valorar o axuste entre a programación e os resultados obtidos. Valorarase sinalando cun X, de 1 a 4 (onde 1 é a calificación máis baixa e 4 a máis alta) redactados na táboa; especificando o que resultou tal como estaba programado ou aquilo que debemos mellorar, acompañado de propostas de mellora.

Esta avaliación realizarase para cada trimestre; de xeito que se poidan facer os cambios oportunos ao longo do desenvolvemento da mesma.

ASPECTOS A

VALORACIÓN

A

A

PROPOSTAS

AVALIAR	DO GRAO DE AXEITAMENTO				DESTACAR	MELLORAR	DE MELLORA PERSOAL
	4	3	2	1			
1.- Adecuación do deseño das unidades.							
2.- Adecuación da temporalización das unidades.							
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.							
4.- Adecuación da secuenciación dos contidos en cada unidade.							
5.- Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unidade.							
6.- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.							
7.- Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.							
8.- Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.							
9.- Asociación de cada estándar cos							

elementos transversais a desenvolver.							
10.- Desempeño de competencias en cada unidade							
11.- Adecuación da secuencia de traballo na aula							
12.- Realización das tarefas previstas							
13.- Estratexias metodolóxicas seleccionadas							
14.- Adecuación dos materiais e recursos utilizados							
15.- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado							
16.- Adecuación das medidas de atención á diversidade							
17.- Adecuación do programa de actividades de recuperación e reforzo							
18.- Concreción dos elementos transversais para cada unidade							
19.- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares							

17.CRITERIOS A SEGUIR PARA A ELABORACIÓN DA PD SEGUINDO AS DIRECTRICES ESTABLECIDAS NA CCP.

Unha vez analizadas e valoradas as aprendizaxes imprescindibles que se impartiron no curso 2.019/20 máis a análise e valoración dos resultados da avaliación inicial desta área e non detectando carencias e necesidades do alumnado procederá a realizar a PD igual que o curso pasado, non tendo que incorporar aprendizaxes non adquiridas a esta programación e levando a cabo un desenvolvemento dende un enfoque competencial con propostas metodolóxicas activas e axustadas ás necesidades que poidan xurdir durante o curso.

Na PD aparecen as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requerir, identificadas de forma expresa aqueles aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tareflas globais e as estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo, como ben indiquei no primeiro apartado.

Así pois, foron revisados os obxectivos da área en cada nivel, así como as competencias clave que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións, prestando especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivo dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

Para decidir sobre a promoción do alumnado empregaremos varios criterios:

A) Todos os alumnos que non acaden un 5 en tres áreas (en 2 se son algunhas das linguas castelá e galego ou matemáticas) serán susceptibles de non promocionar, a Área de Educación Musical non estará incluída nesas áreas.

B) O equipo docente adoptará a decisión de forma colexiada tendo en conta os criterios de promoción e considerando os seguintes aspectos:

B.1) Grao de adquisición das competencias

B.2) Informe do departamento de orientación e o titor sobre o contexto do alumno/a dentro do seu grupo-clase.

B.3) Progresión tomando como referencia a avaliación inicial (evolución do alumno)

18. ADAPTACIÓN DA PD AO CONTEXTO COVID.

Esta PD pode sufrir modificacións en función da situación sanitaria que estamos a vivir (actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial) podendo ser tamén modificada a metodoloxía e os procedementos e instrumentos de avaliación

segundo se presenten casos de confinamento, normalidade ou situacións temporais ás que se fai referencia no Protocolo Covid 19 do centro e no Plan de Continxencia.

A PD deste curso cambia con respecto á PD dos cursos anteriores debido a que non se dispón de aula de música e a utilización de instrumentos de percusión será reducida e con intervalos de tempo debido á desinfección e corentena pola que teñen que pasar sendo alternados por quincenas nas diferentes aulas.

Seguirase o protocolo marcado polo centro en canto a aspectos como o uso da mascarilla, limpeza e hixiene das mans, ventilacións das aulas, etc.

Procederase á petición dalgún material como palillos chinos ou vaso de plástico duro así como instrumentos propios construídos polos alumnos e alumnas para seren utilizados de maneira particular na falta dos outros instrumentos para traballar lecturas e acompañamentos rítmicos.

En canto á fruta, seguindo o Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 só se poderá utilizar na aula para practicar unicamente as posicións e se a situación temporal o permite farase unha práctica nos espazos de fóra no centro.

Dentro dos obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe así como nos criterios de calificación e promoción e algunhas tarefas aparecerán cun * aqueles dos que poidamos prescindir no caso de confinamento sendo prioritarios o resto e que sí faríamos en situación normal.

Finalmente aparece adaptada a **metodoloxía**, os **materiais e recursos** en caso de atención a alumnado en corentena ou en caso de suspensión das clases presenciais (alumnado con conectividade e sen conectiidade).

19. PD 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

1º CURSO

1. Obxectivos da área de Música.1º EP.
2. Descritores.
3. Contribución da área ao desenrolo das competencias básicas.
4. Organización e secuenciación de contidos.
5. Criterios metodolóxicos e estratexias didácticas xerais a utilizar na área.
6. Actividades complementarias.
7. Criterios de avaliación.
8. Estándares de aprendizaxe.
9. Evidencias para o portfolio.
10. Criterios de calificación e promoción.
11. Perfil de área con ponderación dos estándares de aprendizaxe.
12. Recursos didácticos.

13. Medidas de atención á diversidade e inclusión.

14. Avaliación da programación didáctica.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MUSICA 1 EP

1. Discriminar auditivamente os sons do seu ámbito máis próximo diferenciando entre son, silencio e ruído.
2. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
3. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
- *4. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
5. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
6. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e retrouso, e ostinato rítmico.
7. Utilizar as posibilidades sonoras do propio corpo.
8. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
9. Explorar as calidades sonoras de instrumentos non convencionais de calidade acústica.
10. Coñecer e descodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
- *11. Interiorizar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
12. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.

DESCRITORES

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do ámbito ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none">• Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.• Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.• Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.• Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as

		repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. • Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos. • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos. • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... • Gozar coa lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información. • Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. • Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. • Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. • Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. • Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. • Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. • Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. • Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián. • Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. • Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. • Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos

		<p>de participación establecidos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. • Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Ser constante no traballo superando as dificultades. • Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. • Priorizar a consecución de obxectivos grupales a intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. • Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

		<ul style="list-style-type: none"> • Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. • Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. • Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. • Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... • Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. • Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. • Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. • Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que “describen” ao alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivable e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional se traballarán desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Música.

Na área de Música incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos entender, coñecer e investigar, a través de diferentes códigos todo o referente ao coñecemento artístico, de forma máis concreta, o coñecemento musical.

Así mesmo, a tecnoloxía permitirá desenvolver a capacidade do alumnado para afondar no coñecemento da linguaxe artística.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

Esta competencia permitiranos dotar de ferramentas o alumnado para que poidan acceder ao coñecemento do mundo da música e da danza.

As ferramentas posibilitarán que se inicien na expresión e a comunicación a todos os niveis. A comprensión, a percepción... serán habilidades que irán adquirindo a medida que o desenvolvemento da súa linguaxe vaia crescendo.

Procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Esta competencia permitiranos dotar de ferramentas o alumnado para que cree as súas propias producións nas súas múltiples facetas favorecendo o coñecemento de diferentes manifestacións culturais nos diferentes planos da música e a danza.

Na área de Música adestraremos os descritores seguintes:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.

- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia permitirá ao alumnado gozar e enriquecerse de expresións no mundo artístico e cultural da música e a danza que poida achegar o seu ámbito e mesmo outras culturas. Levaranos a valorar as creacións artísticas propias e as doutros.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Música permitiranos facer confluír diversos aspectos como o diálogo, a participación, o respecto, a riqueza da diversidade, a convivencia que favorezan diferentes realidades presentes na nosa sociedade. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Música comporta unha actitude positiva que presupón flexibilidade e oportunidade; por iso, esta competencia fomentará unha vertente máis social que implica desenvolver habilidades e actitudes relacionadas co liderado de proxectos que comportan

confianza nun mesmo, empatía, habilidades de diálogo e cooperación, organización de tempos e tarefas... para alcanzar todo aquilo que se propoñan.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupales a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

Esta competencia dentro desta área permitiranos a posibilidade de iniciar o alumnado na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de forma cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos obxectivos propostos e ás necesidades que se teñan. A área de Música vainos levar a planificar, secuenciar, avaliar... tanto en proxectos de forma individual coma de forma colectiva.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Bloque 1. Escoita

O son: percepción sensorial.

Sons do contorno próximo.

Son e silencio. O ruído.

Calidades do son: duración (pulso, longo-curto), altura (agudo-grave), intensidade, timbre.

Audición das obras musicais no plano descritivo.

Bloque 2. Interpretación musical.

*Exploración dos recursos da voz. Articulación e vocalización.

*Tempos da respiración: inspiración e expiración.

A canción infantil. A estrofa e o retroso. Acompañamentos rítmicos en ostinato.

Posibilidades sonoras dos instrumentos de percusión corporal.

*Instrumentos de percusión escolar: metal, madeira e parche.

*Instrumentos non convencionais de calidade acústica.

Grafías non convencionais. Grafías convencionais: partitura, figuras (negra, corchea, silencio de negra). Acentuación binaria.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

A danza na expresión espontánea.

*Repertorio de danzas sinxelas.

Canción xestualizada.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS A UTILIZAR NA ÁREA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e estes adquiren un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Música:

As manifestacións artísticas son achegas inherentes ao desenvolvemento da humanidade: non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se considere a presenza da arte en todas as súas posibilidades. Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma o musical para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da

atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento sinxelo musical facilitará o desfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo este.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

O profesorado favorecerá o **traballo en grupo colaborador** de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final.

Os contidos da área de Música están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?

Como resultaron as actividades?

Cales gustaron máis?

Que propostas de mellora podemos sinalar?

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. escoita.

1. Percibir o poder expresivo do son e da música mediante a escoita activa baseada no xogo e o movemento.
2. Identificar e describir de forma oral as calidades do son.

3. Percibir ritmos e duracións en cancións infantís e populares sinxelas reproducíndoas de xeito individual e en grupo.
4. Describe de xeito oral melodías, escenas e personaxes tras a audición dunha obra musical.

Bloque 2. Interpretación musical.

1. Utilizar, descubrir e valorar as posibilidades sonoras do propio corpo e da voz.
- *2. Cantar individualmente e en grupo improvisando diálogos vocais.
3. Descubrir e apreciar as posibilidades expresivas e comunicativas de diferentes materiais e instrumentos segundo os diferentes materiais e maneiras de producir o son.
4. Percibir e expresar ritmos e duracións en cancións, actividades de movemento e instrumentacións con grafías non convencionais.
5. Iniciarse nas grafías convencionais identificando a acentuación e algunhas notas e figuras.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

1. Adecuar o movemento corporal ao movemento da música, expresando mediante a danza espontánea os distintos elementos sonoros percibidos desde unha escoita atenta e activa.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. Escoita.

- *1.1. Experimenta situacións sen son e con son.
- 1.2. Valora a música como forma habitual de expresión e comunicación.
- 1.3. Valora o silencio como imprescindible para a audición musical.
- 2.1. Percibe e discrimina sons graves e agudos, longos e curtos, fortes e débiles, e de timbres diferentes.
- 3.1. Identifica nunha canción a estrofa e o retrouso.
- *4.1. Diferencia melodías e descobre o poder evocador de escenas e personaxes nunha audición.

Bloque 2. Interpretación musical.

- *1.1. Identifica os dous tempos da respiración.
- *1.2. Explora vocábulos onomatopéicos sinxelos.
- *1.3. Valora a articulación e a vocalización correctas ao cantar unha canción.
- 1.4. Practica técnicas de educación vocal: respiración, articulación e vocalización.

- *1.5. Interpreta coa voz e os instrumentos os sons partituras non convencionais.
- *1.6. Concéntrase no canto afinado ao unísono dunha canción sinxela.
- 2.1. Improvisa diálogos vocais: ostinatos de acompañamento de cancións e melodías.
- 2.2. Canta de forma coral cunha voz.
- 3.1. Explora o son dalgúns instrumentos populares.
- *3.2. Discrimina os instrumentos de percusión afinada dos non afinados.
- 3.3. Acompaña as súas cancións con instrumentos de percusión mantendo o pulso.
- 4.1. Expresa grafías non convencionais coa voz e os instrumentos.
- 4.2. Practica de forma habitual a lectura de partituras sinxelas non convencionais coa voz e os instrumentos de percusión afinada e non afinada.
- 5.1. Mostra curiosidade por coñecer signos elementais da linguaxe musical convencional.
- 5.2. Discrimina a acentuación con resposta verbal e de movemento.
- 5.3. Diferencia as duracións de negra, corchea e o silencio de negra.
- *5.4. Sente a acentuación binaria nas cancións e as palabras.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

- 1.1. Mantén o pulso nunha canción e en actividades de movemento.
- *1.2. Axusta o propio movemento ao espazo e aos demais nos desprazamentos.
- *1.3. Adecúa o movemento ao texto e á melodía dunha canción.
- 1.4. Imita escenas, personaxes e sons co propio corpo, adecuando o movemento ao ritmo.
- 1.5. Goza con desinhibición nos xogos corporais e dramáticos con música.

EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula, de feito crearei un portfolio de Agueiro para que o alumnado poida ver e comentar as súas actividades. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar a ao alumno que seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

No anexo de avaliación preséntase un posible guión para a súa realización.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para valorar o grado de adquisición das competencias básicas e dos

obxectivos fixados son fundamentais os criterios de cualificación.

En cada trimestre realizarase unha avaliación, informando por escrito ao alumn@ e aos pais/nais das calificacións obtidas.

A área de Música dividirase en tres bloques temáticos que se levarán a cabo nas tres avaliacións.

A ponderación variará en función do curso que se vai avaliar. Utilizaranse diferentes instrumentos como:

- Rexistro do traballo instrumental.
- Rexistro de expresión corporal.
- Rexistro de expresión vocal e canto.
- Rexistro de observación en clase.
- Proba escrita.

A proba escrita farase unha vez por trimestre.

En cada Avaliación terase en conta:

- Ferramentas de avaliación do traballo competencial.
- Probas de avaliación escritas.
- Evidencias dos estándares de aprendizaxe.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Rexistro de traballo instrumental	
Rexistro de expresión instrumental	
Rexistro de expresión corporal	
Rexistro de expresión vocal e canto	
Rexistro de observación en clase	
Proba escrita	
Cualificación total	

Ao final do curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1. ^a avaliación	

2.ª avaliación	
3.ª avaliación	
Portfolio de aprendizaxe	
Cualificación total	

PERFIL DE ÁREA CON PONDERACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1º CURSO			
1º TRIMESTRE			
BLOQUE 1. ESCOITA			40%
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CECC CAA	1- Manipula, explora e identifica sons do corpo, instrumentos, sons da rúa, obxectos, animais e voz.	5%	Caderno
CCEC	2- Representa gráficamente e corporalmente as calidades de son curto e longo.	5%	Caderno
CCEC	3- Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	5%	Caderno
CCEC	4- Utiliza aplicación informática e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	5%	Caderno
CSC CCEC	5- Respeta e escoita de audicións.	5%	Caderno
CCL CAA	6- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, pentagrama, clave de sol, branca e negra.	5%	Caderno

CCEC	7- Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	5%	Caderno
CCL	8- Le con sílabas rítmicas.	5%	Rexistro observación en clase
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL		30%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CMCCT CAA	1- Repite esquemas rítmicos escoitados.	5%	Rexistro observación en clase
CSC CAA	2- Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	5%	Rexistro do traballo instrumental
CCEC CSC	3- Interpreta individualmente ou en grupo pequenas cancións sinxelas.	5%	Rexistro de expresión vocal e canto
CCEC CCL CMCCT	4- Le e interpreta con ritmo letanías e canción ao unísono.	5%	Rexistro de expresión vocal e canto
CCEC CMCCT	5- Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	5%	Rexistro expresión instrumental
CCEC CAA	6- Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións.	5%	Rexistro observación en clase
BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA		30%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CSC	1- Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	10%	Rexistro de expresión corporal
CCEC	2- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, mostrando interés e respetando as	5%	Rexistro observación en

CSC	normas e as intervencións das demais persoas.		clase
CCEC	3- Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	5%	Rexistro de expresión corporal
CCEC	4- Coordina extremidades superiores e inferiores nos deprezamentos coa música.	5%	Rexistro de expresión corporal
CCEC	5- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	5%	Rexistro de expresión corporal
2º TRIMESTRE			
BLOQUE 1. ESCOITA		40%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CECC CAA	1- Manipula, explora e identifica sons de animais da granxa, obxectos, sons agudos, graves, longos e curtos.	5%	Caderno
CCEC	2- Representa gráficamente e corporalmente as calidades de son curto, longo, agudo e grave.	5%	Caderno
CCEC	3- Identifica voces masculinas e femininas.	5%	Caderno
CCEC	4- Utiliza aplicación informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	5%	Rexistro observación en clase
CSC CCEC	5- Respeta e escoita de audicións.	5%	Rexistro observación en clase
CCL CAA	6- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama, clave de sol, branca e negra.	5%	Caderno
CCEC	7- Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	5%	Caderno

CCL	8- Le con sílabas rítmicas.	5%	Rexistro observación en clase
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL		30%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CMCCT CAA	1- Repite esquemas rítmicos escoitados.	5%	Rexistro observación en clase
CSC CAA	2- Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	5%	Rexistro traballo instrumental
CCEC CSC	3- Interpreta individualmente ou en grupo pequenas cancións sinxelas.	5%	Rexistro de expresión vocal e canto.
CCEC CCL CMCCT	4- Le e interpreta con ritmo letanías e canción ao unísono.	5%	Rexistro de expresión vocal e canto
CCEC CMCCT	5- Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	5%	Rexistro expresión instrumental
CCEC CAA CMCCT	6- Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencios de negra.	5%	Caderno
BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA		30%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CSC	1- Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	10%	Rexistro expresión corporal
CCEC CSC	2- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, mostrando interés e respetando as normas e as intervencións das	5%	Rexistro observación en clase

	demáis persoas.		
CCEC	3- Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC	4- Coordina extremidades superiores e inferiores nos deprezamentos coa música.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC	5- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	5%	Rexistro expresión corporal

3º TRIMESTRE			
BLOQUE 1. ESCOITA		40%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CECC CAA	1- Manipula, explora e identifica sons da casa e de profesións, obxectos, instrumentos, sons agudos, graves, longos, curtos e ascendentes e descendentes.	5%	Caderno
CCEC	2- Representa gráficamente e corporalmente as calidades de son curto, longo, ascendente, descendente, forte, suave, agudo e grave.	5%	Caderno
CCEC	3- Coñece algún compositores e relaciónaos coas súas obras.	5%	Observación en clase
CCEC	4- Utiliza aplicación informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	5%	Observación en clase
CSC CCEC	5- Respeto e escoita de audicións.	5%	Observación en clase
CCL CAA	6- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto,	5%	Caderno

	rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama, clave de sol, branca e negra.		
CCL CCEC	7- Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	5%	Caderno
CCEC	8- Coñece as figuras: director de orquestra, instrumentista e público.	5%	Observación en clase
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL		30%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CAA	1- Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.	3%	Rexistro expresión instrumental
CSC CAA	2- Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	5%	Rexistro traballo instrumental
CCEC CSC	3- Interpreta individualmente ou en grupo pequenas cancións sinxelas.	5%	Rexistro expresión instrumental
CCEC CCL CMCCT CAA	4- Le e interpreta con ritmo letanías e canción ao unísono utilizando de forma consciente o proceso de respiración.	5%	Rexistro observación en clase
CCEC CMCCT	5- Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	5%	Rexistro expresión instrumental
CCEC CAA CMCCT	6- Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencios de negra.	5%	Caderno
CAA CCEC CMCCT	7- Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	2%	Observación en clase
BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA		30%	
COMPE			

TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CSC	1- Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	10%	Rexistro expresión corporal
CCEC CSC	2- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, mostrando interés e respetando as normas e as intervencións das demais persoas.	5%	Rexistro observación en clase
CCEC	3- Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC	4- Coordina extremidades superiores e inferiores nos deprezamentos coa música.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC	5- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	5%	Rexistro expresión corporal

RECURSOS DIDÁCTICOS

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Recursos fotocopiabes da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e de ampliación e o rexistro de avaliación.
- Libro do alumno. Ademais, propónse a utilización do seguinte material para axudar á adquisición dos contidos:
- Equipo de música con lector de CD audio.
- Instrumentos de percusión e instrumentos de refugallo feitos por eles para uso propio.
- Uso das tics.
- Xogos, encadeados e adiviñas para desenvolver e estimular a imaxinación e a creatividade.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividad,...):

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? (Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas..)

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

Necesidades individuais

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).

Que medidas organizativas vas adoptar? (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS AVALIAR	A	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas				
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos				
Manexo dos contidos na unidade				
Descritores e desempeños competenciais				

Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

Unidade 1

1. Presentación da unidade
 2. Obxectivos didácticos
 3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
 4. Selección de evidencias para o portfolio
 5. Competencias: descritores e desempeños
 6. Tarefas
 7. Estratexias metodolóxicas
 8. Recursos
 9. Ferramentas de avaliación
 10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
 11. Autoavaliación do profesorado
-

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Os Trasnos zapateiros

Descrición da unidade

Partimos nesta primeira unidade do que está máis próximo ao neno: o seu propio corpo; empezando polos cinco sentidos, de entre os que descubrirá ata que punto o oído posibilita a experiencia sonora que vai comezar; a conciencia do propio esquema corporal, tanto de forma individual coma en relación cos outros; a importancia do grupo, verdadeiro impulsor que facilita a súa implicación en calquera proxecto colectivo de índole artística.

Temporalización:

Outubro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- escoitar con atención a historia dos Trasnos zapateiros.
- Interpretar e bailar a canción Zapateiro remendón.
- Participar e gozar coas cancións propostas na unidade.
- Cantar e dramatizar cancións da unidade como A cabeza si, a cabeza non.
- Identificar auditivamente a fonte sonora de pequenos obxectos sonoros.
- Interpretar adecuadamente o contido dunha sinxela partitura con grafías e sílabas rítmicas
- Identificar o pentagrama e a clave de sol así como debuxar a mesma.
- Utilizar o corpo como un recurso de comunicación e expresión musical.
- Realizar acompañamentos corporais en cancións, prosodias e audicións que o requiran.
- Asimilar, de forma natural, unha forma musical, mediante o movemento corporal, como apoio e complemento da percepción auditiva.
- Coñecer a figura do compositor C. Saint-Saëns a través da audición para dramatizar de Os canguros.
- Seguir o musicograma e acompañar con pequena percusión a audición da Banda Sonora “Harry Potter e o Cáliz de Lume” de Patrick Doyle.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
IN ESCOITA	O oído <ul style="list-style-type: none"> Audición: Os canguros de C. Saint-Saëns e a banda sonora de “Harry Potter e o Cáliz de Lume” de Patrick Doyle. Recoñecemento de instrumentos de pequena percusión. Identificación e discriminación de sons producidos por obxectos. 	<ol style="list-style-type: none"> Discriminar a fonte sonora de pequenos sons cotiáns. Empregar o corpo como apoio e complemento da percepción auditiva para asimilar, de forma natural, unha forma musical. Mostrar actitude de atención e silencio nas audicións. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Recoñece e nomea os obxectos dos cales só se lle mostrou o son previamente. 2.1. Axusta o movemento aprendido a cada frase musical na audición activa. 2.2. Segue con atención os musicograma e as audicións reacciona espontaneamente para seguir a música. 3.1. Mantén unha actitude atenta e silenciosa na audición de exemplos das calidades do son.
	Música, cultura e sociedade <ul style="list-style-type: none"> Compositor C. Saint-Saëns e Patrick Doyle. Música doutras culturas: <i>Samba Lelé</i> (popular de Brasil). 	<ol style="list-style-type: none"> 4. Coñecer a figura dos compositores a través de anécdotas biográficas e da súa propia obra. 5. Participar no canto e no movemento en manifestacións musicais doutras culturas. 	<ol style="list-style-type: none"> 4.1. Coñece algunhas anécdotas ou detalles biográficos sobre J. S. Bach. 5.1. Participa de forma activa nunha canción brasileira.
IN	A voz	<ol style="list-style-type: none"> 6. Participar e gozar coas cancións 	<ol style="list-style-type: none"> 6.1. Participa de forma activa na

	<ul style="list-style-type: none"> • Cancións: <ul style="list-style-type: none"> - <i>Zapateiro remendón</i> - <i>A cabeza si, a cabeza non.</i> • Sílabas rítmicas. 	propostas na unidade. 7. Manter o sentido rítmico das prosodias e encadeados.	interpretación das cancións e prosodias da unidade. 6.2. Coñece dúas cancións e utilízalas en xogos de movemento. 7.1. Segue o ritmo adecuado ao recitar as prosodias e encadeados.
	Os instrumentos <ul style="list-style-type: none"> • Acompañamento con percusión corporal. 	8. Acompañar as cancións da unidade con movementos e acción de percusión corporal.	8.1. Acompaña as cancións da unidade con movementos e acción de percusión corporal.
	Linguaxe musical <ul style="list-style-type: none"> • Grafías non convencionais. • O pentagrama e a clave de sol. 	9. Coñecer e traballar no pentagrama con debuxos nas liñas e nos espazos e coñecer e debuxar a clave de sol mediante a prendizaxe dunha canción. 10. Asociar diversos esquemas rítmicos representados por pictogramas con outros análogos de signos musicais.	9.1. É capaz de recoñecer e escribir, por medio da asociación con pictogramas, a figura negra (sol), corcheas (lúa) e silencio de negra (xesto de silencio). 10.1. Relaciona con frechas esquemas rítmicos representados por pictogramas con outros análogos de signos musicais.
MOVIMENTO E DANZA	O corpo <ul style="list-style-type: none"> • Xogos de palmas con prosodias e acompañamento con percusión con percusión corporal. • Música e movemento: <i>A cabeza si, a cabeza non e Os canguros</i> 	11. Realizar acompañamentos corporais en cancións, prosodias e audicións que o requiran e reaccionar por imitación aos movementos doutros compañeiros. 12. Reaccionar con prontitude a distintas ordes para agruparse.	11.1. Incorpora acompañamentos con movementos corporais en cancións, prosodias e audicións. 11.2. Imita en espello os movementos doutro compañeiro. 12.1. Reacciona con prontitude ás ordes recibidas para agruparse.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Recoñece e nomea os obxectos dos cales só se lle mostrou o son previamente.	• Actividades de escoita atenta. (LA).
2.1. Axusta o movemento aprendido a cada frase musical na audición activa.	• Audición activa en Harry Potter e o Cáliz de Lume (LA).
2.2. Segue con atención as partes das audicións e musicogramas e reacciona espontaneamente para seguir a música.	• Actividades de identificación da forma. (LA).
3.1. Mantén unha actitude atenta e silenciosa na audición de exemplos das calidades do son.	• Actividade de audición de obxectos sonoros. (LA).
4.1. Coñece algunhas anécdotas ou detalles biográficos de C. Saint-Saëns.	• Lectura de datos de Camile Saint-Saëns (PD).
5.1. Participa de forma activa na canción A cabeza si, a cabeza non e Os canguros.	• Coreografía suxerida xunto ao texto da canción. (LA).
6.1. Participa de forma activa na interpretación das cancións e prosodias da unidade. 6.2. Coñece dúas cancións e utilízalas en xogos de movemento.	• Actividades de xogo con acompañamento de cancións e movemento. (LA). • Actitude activa na escoita e interpretación das cancións da unidade. (LA).
7.1. Segue o ritmo adecuado ao recitar as prosodias e encadeados.	• Actividades de ritmo para as cancións, rimas ou encadeados que acompañan a cada xogo. (LA)
8.1. Acompaña as cancións da unidade con movementos e acción de percusión corporal.	• Actividades para acompañamento instrumental das audicións a. (LA)

9.1. É capaz de recoñecer e escribir, por medio da asociación con pictogramas o pentagrama e a clave de sol..	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de discriminación e escritura do pentagrama e a clave de sol. (RF)
10.1. Relaciona con frechas esquemas rítmicos representados por pictogramas con outros análogos de signos musicais.	<ul style="list-style-type: none"> • Fichas de identificación de esquemas rítmicos mediante pictogramas. (RF)
11.1. Incorpora acompañamentos con movementos corporais en cancións, prosodias e audicións. 11.2. Imita en espello os movementos doutro compañeiro.	<ul style="list-style-type: none"> • Mostra de creatividade no acompañamento corporal de cancións, prosodias e audicións. (LA) • Actitude atenta para a imitación corporal. (LA)
12.1. Reacciona con prontitude ás ordes recibidas para agruparse.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de reacción auditiva. (LA).

5. COMPETENCIAS: DESCRIPTOR E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.	Pon atención ás explicacións e respecta a quenda de intervención nas actividades de grupo.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.	Percibe a relación do maior ou menor número de unidades na formación de grupos atendendo ao seu tamaño.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.	Utiliza o encerado dixital e Internet, tanto para realizar actividades coma para buscar información sobre os contidos da unidade.
<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Aplica modelos que serven de referencia para realizar

		as tarefas propostas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.	Observa con atención para adquirir información relevante e suficiente que o leve a tomar decisións propias.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.	Respecta as achegas individuais dos demais compañeiros.
	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Acepta os demais compañeiros, sen distinción, no emparellamento ou agrupamento para o desenvolvemento das actividades lúdicas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo, superando as dificultades.	Demostra interese, constancia e iniciativa na creación de actividades artísticas.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Valora a achega artística dun compositor ao enriquecemento cultural.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Emprega o sentido artístico para debuxar un autorretrato e valorar os doutros compañeiros.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / e Audio (CD)

Tarefa 1: O oído

- Escoitamos unha peza musical: Harry Potter e o Cáliz de Lume de Patrick Doyle. (LA e PD)
- Identificamos, por medio da discriminación auditiva, o obxecto emisor dun son. Identificamos as partes dunha obra a partir da audición activa proposta no LA.

Tarefa 2: Música, cultura e sociedade

- Coñecemos a figura do compositor: Camile Saint-Saëns. (LA e PD)
- Presentamos e identificamos tres instrumentos de pequena percusión. (LA)
- Coñecemos a música doutras culturas mediante a canción *Samba Lelé* (popular de Brasil). (LA)

Tarefa 3: A voz

- Entoamos as cancións: Zapateiro remendón e A cabeza si, a cabeza non. (LA)
- Empregamos sílabas rítmicas para afianzar o sentido do ritmo e acompañar os xogos. (LA)

Tarefa 4: Os instrumentos

- Interpretamos diversos acompañamentos con percusión corporal e con instrumentos de pequena percusión.

Tarefa 5: Linguaxe musical

- Presentamos pictogramas e grafías non convencionais como exercicios de prelectura e preescritura musical. (LA e RF)
- Lemos mediante pictogramas para identificar o pentagrama e realizamos a clave de sol (LA e RF)

Tarefa 6: O corpo

- Realizamos xogos de palmas con prosodias e acompañamento con percusión corporal. (LA)
- Interpretamos coreografías, conforme ás suxestións, para gozar da música por medio do movemento: *Zapateiro remendón*,

A cabeza si, a cabeza non e Os canguros. (LA e PD)

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

A motivación necesaria pasa por conectar cos intereses característicos destes primeiros anos da etapa escolar. Por iso, o xogo convértese en algo imprescindible para a inmersión na experiencia musical. As actividades lúdicas da unidade propician un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións cos demais nenos e co profesor; facilitan a aprendizaxe colectiva, a interacción e interrelación cos seus compañeiros.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Detección de ideas previas acerca dos conceptos da unidade.
- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Utilización do xogo como base da expresión musical.
- Exposición do profesor.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Música:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Cadernos complementarios ao libro do alumno. Ademais, propónse a utilización do seguinte material para axudar á adquisición dos contidos:
 - Equipo de música con lector de CD audio.

- Instrumentos de percusión.
- Xogos, encadeados e adiviñas para desenvolver e estimular a imaxinación e a creatividade.

Recursos dixitais

- Libro dixital: Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica.
- Uso das Tics, Aula virtual, páxina web do Centro..

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades intúo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais intúo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso?

Unidade 2

1. Presentación da unidade

2. Obxectivos didácticos
 3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
 4. Selección de evidencias para o portfolio
 5. Competencias: descritores e desempeños
 6. Tarefas
 7. Estratexias metodolóxicas
 8. Recursos
 9. Ferramentas de avaliación
 10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
 11. Autoavaliación do profesorado
-

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

O Nadal dos contos

Descrición da unidade

O sentido da unidade é xogar coa música paera que sexa un momento feliz como é o Nadal. No país da Fantasía entraremos cun contrasinal que encaixa no tema da noite de Nadal.

Contaremos o conto O Nadal dos contos e cantaremos a canción No País da Fantasía. Xogaremos co corpo creando ritmos; faremos unas maraquiñas e xuntaremos, por familias tímbricas, os sons que vaian xurdindo ao soar.

Temporalización:

Novembro Decembro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- escoitar atentamente o conto musicado O Nadal dos contos.
- Cantar e dramatizar a canción No país da Fantasía.
- Distinguir auditivamente: maracas, tamboril e cascabeis.
- Diferenciar: a figura negra (so) e silencio de negra (xesto de silencio).
- Interpretar adecuadamente unha sinxela partitura con grafías non convencionais.
- Valorar a achega cultural dos vilancicos na celebración do Nadal.
- Traballar co ritmo e coas posibilidades sonoras da nosa voz.
- escoitar, recoñecer e imitar sons da rúa.
- Ler e interpretar sinxelos esquemas rítmicos.
- Identificar sons fortes e suaves.
- Participar de forma activa nas actividades de movemento.
- Coñecer as cancións da unidade como mostra do patrimonio musical universal.
- Identificar instrumentos que acompañan os cantos de Nadal.
- Cantar e bailar O outono xa se acerca.
- escoitar e seguir o musicograma de Marcha Radeztky de Johann Strauss.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
ESCOITA	O oído <ul style="list-style-type: none">• Audición de cancións: <i>No País da Fantasía, O outono xa se acerca e As noitiñas de Nadal.</i>	<ol style="list-style-type: none">1. Identificar as calidades sonoras: intensidade e timbre.2. Distinguir auditivamente instrumentos de	<ol style="list-style-type: none">1.1. Distingue algún matices da intensidade e do timbre do son.2.1. Distingue auditivamente: pandeiro, caixa

	<ul style="list-style-type: none"> Audición activa: Marcha Radeztky de Johann Strauss. Recoñecemento auditivo de instrumentos de pequena percusión: pandeiro, crótalos, caixa chinesa e triángulo. Recoñecemento auditivo das estrofas e do retrouso dunha canción. 	<p>pequena percusión.</p> <p>3. Coñecer a estrutura dunha das formas musicais máis antigas: a canción con retrouso.</p>	<p>chinesa, triángulo e crótalos.</p> <p>3.1. Identifica o retrouso e a estrofa nunha canción de forma bipartita.</p>
	<p>Música, cultura e sociedade</p> <ul style="list-style-type: none"> Compositor: Johann Strauss. Os sons da rúa. Os vilancicos. 	<p>4. Coñecer a figura do compositor Chaikoski.</p> <p>5. Valorar a achega cultural dos vilancicos na celebración do Nadal.</p>	<p>4.1. Coñece a figura de Chaikoski.</p> <p>5.1. Valora a achega cultural dos vilancicos na celebración do Nadal.</p>
INTERPRETACIÓN MUSICAL	<p>A voz</p> <ul style="list-style-type: none"> Cancións: <ul style="list-style-type: none"> <i>No país da Fantasía.</i> <i>Campaña do lugar.</i> <i>O outono xa se acerca.</i> <i>As noitiñas de Nadal.</i> Rimas, prosodias e encadeados. 	<p>6. Manter a cadencia rítmica das prosodias e encadeados.</p> <p>7. Distinguir e identificar a estrofa do retrouso.</p> <p>8. Participar e gozar coas cancións propostas na unidade.</p>	<p>6.1. É capaz de seguir o ritmo ao recitar as prosodias e encadeados.</p> <p>7.1. Identifica e distingue a estrofa e o retrouso dunha canción</p> <p>8.1. Participa de forma activa na interpretación das cancións e prosodias da unidade.</p>
	<p>Os instrumentos</p> <ul style="list-style-type: none"> Identificación de instrumentos(pequen a percusión). Interpretación con pequena percusión e percusión corporal. Acompañamento instrumental para ritmos con sílabas rítmicas. 	<p>9. Realizar acompañamentos sonoros corporais e instrumentais nas cancións, prosodias e audicións que o requiran.</p> <p>10. Aprender a técnica elemental dos instrumentos de pequena percusión.</p> <p>11. Identificar catro instrumentos de pequena percusión coa súa acústica.</p>	<p>9.1. Percute adecuadamente no corpo cos instrumentos segundo o contexto.</p> <p>10.1. Valora a posición corporal máis acorde con cada instrumento para desenvolver unha técnica correcta.</p> <p>11.1. Identifica catro instrumentos de pequena percusión.</p>

	Linguaxe musical <ul style="list-style-type: none"> Grafías non convencionais con códigos para interpretar partituras coa voz. Pictogramas para negra e silencio de negra. 	12. Diferenciar, por medio de pictogramas, as figuras musicais convencionais. 13. Ler sinxelos esquemas rítmicos.	12.1. Diferencia, por medio de pictogramas, a figura negra (sol), corcheas (lúa) e silencio de negra (xesto de silencio). 13.1. Le con soltura sinxelos esquemas rítmicos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Aplica modelos que serven de referencia para realizar as tarefas propostas e resolver problemas.
	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Observa con atención para adquirir información relevante e suficiente que o leve a tomar decisións propias.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Respecta as normas de comportamento básicas para favorecer un frutífero rendemento escolar.
	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Acepta os demais compañeiros, sen distinción, no emparellamento ou agrupamento para o desenvolvemento das actividades lúdicas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo, superando as dificultades.	Demostra interese, constancia e iniciativa na creación de actividades artísticas.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.	Valora a achega artística dun compositor ao enriquecemento cultural.
	Expresar sentimentos e	Coñecemento da achega

	emocións desde códigos artísticos.	do patrimonio doutros pobos, ao enriquecemento cultural.
--	------------------------------------	--

6. TAREFAS

Libro do alumno (A) / Proposta didáctica (PD) / Audio (CD)

Tarefa 1: O oído

- Escoitamos a audición Danza Húngara Nº 5 de J. Brahms. (LA)
- Identificamos sons da casa. (LA)

Tarefa 2: Música, cultura e sociedade

- Coñecemos a través dunha das súas obras a figura do compositor J. Brahms. (LA)
- Coñecemos os sons da casa. (LA)
- Coñecemos músicas populares como a xota, pasodobre, muiñeira, sevillanas, chotis e valse. (LA)

Tarefa 3: A voz

- Interpretamos en grupo as cancións Ruke di gak, A pelota salta e bota e Tin, ton.. (LA)
- Creamos para interpretar coa voz unha canción no pentagrama. (LA e PD)

Tarefa 4: Os instrumentos

- Interpretamos con instrumentos de pequena percusión e percusión corporal o acompañamento da canción proposta. (LA)

Tarefa 5: Linguaxe musical

- Lemos e interpretamos grafías non convencionais para negra, corchea e silencio de negra. (LA)
- Traballamos fichas con grafías para son agudo e grave, longo e curto. (LA)
- Asociamos de forma creativa grafías non convencionais e sons de casa. (LA)

Tarefa 6: O corpo

- Seguimos unha sinxela coreografía para a danza Tin, ton. (LA)

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

A formulación metodolóxica da unidade pretende ser, ante todo, lúdica. É preciso que o alumno, alentado por un reforzo positivo, pase dunhas actividades a outras coa sensación de que o proceso é divertido. Os métodos activos deben contribuír sempre a que os nenos e nenas sexan os verdadeiros protagonistas, tanto no plano individual

coma no colectivo. O papel do profesor redúcese simplemente a facer de guía que favorece todo o potencial expresivo dos seus alumnos.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Detección de ideas previas acerca dos contidos da unidade.
- Utilización do xogo como base da expresión musical.
- Implicación de profesor e alumnos nas actividades dunha forma activa e participativa.
- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Estímulo á improvisación e a creatividade.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Música:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Cadernos complementarios ao libro do alumno. Ademais, propónse a utilización do seguinte material para axudar á adquisición dos contidos:
 - Equipo de música con lector de CD audio.
 - Instrumentos de percusión.
 - Xogos, encadeados e adiviñanzas para desenvolver e estimular a imaxinación e a creatividade.

Recursos dixitais

- Libro dixital: Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica.
- Uso das tics, Aula virtual, páxina web...

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades intúo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais intúo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

Unidade 6

1. Presentación da unidade
 2. Obxectivos didácticos
 3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
 4. Selección de evidencias para o portfolio
 5. Competencias: descritores e desempeños
 6. Tarefas
 7. Estratexias metodolóxicas
 8. Recursos
 9. Ferramentas de avaliación
 10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
 11. Autoavaliación do profesorado
-

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

O soldadiño de chumbo.

Descrición da unidade

O último tramo de curso, antes do período vacacional, préstase a elixir como eixe temático motivador o conto do soldadiño do chumbo e as profesións. A interpretación vocal e instrumental de cancións e as rimas contextualizan o devandito centro de interese e, nun clima sempre lúdico, ofrécese a posibilidade dunha experiencia artística gratificante. Seguimos afianzando unha nova célula rítmica: as corcheas e afiánzase o repaso das calidades do son.

Temporalización:

Maio Xuí

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- escoitar un conto musicado O soldadiño chumbo.
- Cantar e dramatizar a canción O soldadiño de chumbo.
- Cumprir as normas de comportamento en calquera audición ou representación.
- Identificar sons do seu contorno: As profesións.
- Coñecer a nota la.
- Interpretar unha canción nunha partitura musical.
- Crear unha propia historia baseada na música e contos.
- escoitar e dramatizar unha audición.
- Identificar instrumentos de percusión por familias.
- escoitar e coñecer instrumentos doutras culturas.
- Coñecer os protagonistas da música.
- Representar gráficamente diferentes alturas de sons.
- Entender e utilizar a voz como un instrumento e recurso expresivo presente nas cancións e prosodias rítmicas.
- Percutir corporal e instrumentalmente as obras musicais expostas, segundo o esquema rítmico presentado.
- Adecuar o movemento e o xesto ao contexto que expresa cada canción.
- Seguir con atención o musicograma que acompaña a unha audición activa.

• **3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES**

	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
ESCOITA	<p>O oído</p> <ul style="list-style-type: none"> • Audición : Entrada dos gladiadores e Galo e galiñas. • Audición de cancións: <i>O soldadiño chumbo</i>, <i>Margarida ten un gato</i> e <i>Antón Pirulero</i>. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Utilizar a escoita musical para recoñecer as posibilidades do son. 2. Respectar as normas de comportamento que deben ser observadas en calquera audición ou representación. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. Discrimina graficamente as calidades do son no contexto dunha obra musical. 2.1. Respectar as normas de comportamento en calquera audición ou representación.
	<p>Música, cultura e sociedade</p> <ul style="list-style-type: none"> • Compositor: Camille Saint-Saëns. • Conto da unidade: <i>O soldadiño chumbo</i>. • Músicas doutras culturas, de Rusia, China, Kenia e Perú. 	<ol style="list-style-type: none"> 3. Describir de xeito oral melodías, escenas e personaxes tras a audición dunha obra musical. 4. Analizar a organización de obras musicais sinxelas. 5. Valorar a achega dos medios audiovisuais e os recursos informáticos para investigar sobre mostras artísticas doutras épocas ou doutros lugares e culturas. 	<ol style="list-style-type: none"> 3.1. Diferencia melodías e descobre o poder evocador de escenas e personaxes nunha audición. 4.1. Distingue tipos de contrastes de intensidade tras a escoita dun fragmento musical. 5.1. Valora a achega dos medios audiovisuais e os recursos informáticos para investigar sobre mostras artísticas doutras épocas ou doutros lugares e culturas.
INTERPRETACIÓN MUSICAL	<p>A voz</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cancións: <ul style="list-style-type: none"> - <i>O soldadiño chumbo</i>. - <i>Margarida ten un gato</i>. - <i>Antón Pirulero</i>. • Posibilidades sonoras da voz: forte-suave, agudo-grave. 	<ol style="list-style-type: none"> 6. Cantar individualmente e en grupo improvisando diálogos vocais. 7. Entender a voz como un instrumento e recurso expresivo presente nas cancións e prosodias rítmicas. 	<ol style="list-style-type: none"> 6.1. Canta de forma coral cunha voz. 7.1. Emprega a súa voz para expresar as calidades do son traballadas durante o curso.

	<p>Os instrumentos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interpretación de ritmos con instrumentos de pequena percusión. 	<p>8. Interpretar de forma individual ou colectiva composicións sinxelas, respectando as achegas dos demais e á persoa que asume a dirección.</p>	<p>8.1. Reproduce co propio corpo ou con instrumentos acompañamentos de cancións ou audicións.</p>
	<p>Linguaxe musical</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pictograma e grafía para semicorchea. • Ditado rítmico. • Relación entre pictogramas e grafías non convencionais. • Creación de partituras con grafías non convencionais. 	<p>9. Recoñecer unha nova célula rítmica: as semicorcheas.</p> <p>10. Utilizar a linguaxe musical con fins interpretativos por medio de composicións sinxelas.</p>	<p>9.1. Recoñece a célula rítmica das semicorcheas de forma gráfica e auditiva.</p> <p>10.1. Utiliza a linguaxe musical con fins interpretativos por medio de composicións sinxelas.</p> <p>10.2. Realiza ditados rítmicos sinxelos con grafías convencionais ou con pictogramas.</p>
MOVIMENTO E DANZA	<p>O corpo</p> <ul style="list-style-type: none"> • Audición para dramatizar. • Música e movemento: Galo e galiñas. 	<p>11. Adquirir capacidades expresivas por medio de xogos motores acompañados de cancións.</p>	<p>11.1. Expresa adecuadamente co seu corpo as distintas calidades do son segundo unhas instrucións previas.</p> <p>11.2. Mantén o pulso dunha canción e en actividades de movemento.</p>

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Discrimina graficamente as calidades do son no contexto dunha obra musical.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de discriminación auditiva nunha audición. (LA)
2.1. Respecta as normas de comportamento en calquera audición ou representación.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de audición de audición clásica e dunha canción estranxeira. (LA e PD)
3.1. Diferencia melodías e descobre o poder evocador de escenas e personaxes nunha audición.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de audicións activas. (LA e PD)
4.1. Distingue tipos de contrastes de intensidade tras a escoita dun fragmento musical.	<ul style="list-style-type: none"> • Ficha de discriminación de matices de intensidade nunha audición. (LA)
5.1. Valora a achega dos medios audiovisuais e os recursos informáticos para investigar sobre mostras artísticas doutras épocas ou doutros lugares e culturas.	<ul style="list-style-type: none"> • Activación dos recursos dixitais que acompañan ao material desta asignatura (LD)
6.1. Canta de forma coral cunha voz.	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretación de cancións: Margarida ten un gato.(LA)
7.1. Emprega a súa voz para expresar as calidades do son traballadas durante o curso.	<ul style="list-style-type: none"> • Ficha de creación e interpretación de grafías non convencionais. (LA)
8.1. Reproduce co propio corpo ou con instrumentos acompañamentos de cancións ou audicións.	<ul style="list-style-type: none"> • Partitura para lectura e interpretación de acompañamento instrumental da audición activa. (LA)
9.1. Recoñece a célula rítmica das semicorcheas de forma gráfica e auditiva.	<ul style="list-style-type: none"> • Ficha con exercicios de lectura, interpretación e discriminación auditiva da célula rítmica de negras, corcheas e silencio de negra. (LA e RF)
10.1. Utiliza a linguaxe musical con fins interpretativos por medio de composicións sinxelas.	<ul style="list-style-type: none"> • Partitura para lectura e interpretación de acompañamento instrumental da audición activa. (LA)
10.2. Realiza ditados rítmicos sinxelos con grafías convencionais ou con pictogramas.	<ul style="list-style-type: none"> • Ficha de ritmos máxicos coa nova célula rítmica. (LA)
11.1. Expresa adecuadamente co seu corpo as distintas calidades do son segundo unhas instrucións previas.	<ul style="list-style-type: none"> • Representación con xestos e movemento da canción Galo e galiñas (LA)

11.2. Mantén o pulso dunha canción e en actividades de movemento.	<ul style="list-style-type: none"> Actitude positiva de participación e integración co grupo na interpretación dunha canción popular estranxeira. (LA)
---	---

5.COMPETENCIAS: DESCRITOR E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.	Recoñece a música como unha linguaxe universal ao alcance de todos os pobos.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.	Compórtase con respecto ás normas de comportamento para facilitar a comunicación no grupo.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Recrear de forma lúdica os ambientes e aspectos fantásticos e de ciencia ficción.	Recrea de forma lúdica e artística unha situación fantástica.
<i>Competencia dixital.</i>	Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.	Utiliza os reprodutores de audio, o encerado dixital e Internet, para facilitar o acceso á ampliación dos contidos da unidade.
<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Aplica a comprensión do coñecemento que lle brinda a experiencia artística, para potenciar aquelas para as que presenta maiores capacidades.
	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Observa con atención para adquirir información relevante e suficiente que o leve a tomar decisións propias.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Respecta as normas de comportamento básicas para favorecer un frutífero rendemento escolar.
	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa	Acepta os demais compañeiros, sen distinción,

	en ámbitos de participación establecidos.	no emparellamento ou agrupamento para o desenvolvemento das actividades lúdicas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo, superando as dificultades.	Demuestra interese, constancia e iniciativa na creación de actividades artísticas.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.	Valora a achega artística dun compositor ao enriquecemento cultural.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Coñecemento da achega do patrimonio doutros pobos, ao enriquecemento cultural.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Audio (CD)

Tarefa 1: O oído

- Escoitamos a Entrada dos gladiadores de Julius Fucik. (LA)
- Identificamos instrumentos das familias de percusión
- Escoar unha historia e relacionar a música coas imaxes. (LA)

Tarefa 2: Música, cultura e sociedade

- Coñecemos a figura do compositor Camille Saint-Saëns e da figura de Julius Fucik. (LA)
- Gozamos coa interpretación de músicas doutras culturas: *Kenia, Rusia, China e Perú*. (LA)

Tarefa 3: A voz

- Aprendemos e interpretamos as cancións: O soldadiño chumbo, Margarida ten un gato e Antón Pirulero. (LA)
- Xogamos coa creación e interpretación vocal de pequenas cancións. (LA)
- Aprendemos e identificamos esquemas melódicos. (LA)

Tarefa 4: Os instrumentos

- Acompañamos con instrumentos de pequena percusión interpretando uns esquemas rítmicos e unha audición. (LA)

Tarefa 5: Linguaxe musical

- Reforzamos a figura da negra e da corchea e o silencio de negra por medio de pictogramas e grafías convencionais. (LA)
- Coñecemos a relación entre pictogramas e grafías non convencionais. (LA)
- Completamos unha partitura con signos e grafías non convencionais. (LA)

Tarefa 6: O corpo

- Participamos con interese nun xogo. (LA)

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

A educación musical, como disciplina da Área de Educación artística, caracterízase de forma prioritaria por un principio común que aposta por unha metodoloxía activa. Ademais, a participación e o protagonismo do alumno para producir as súas propias creacións artísticas é fundamental. O reforzo positivo e o afianzamento das ensinanzas que irá adquirindo durante a súa etapa escolar iranlle fortalecendo o desenvolvemento de todas as súas capacidades de cara ao futuro.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Detección de ideas previas acerca dos contidos da unidade.

- Utilización do xogo como base da expresión musical.
- Implicación de profesor e alumnos nas actividades dunha forma activa e participativa.
- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Estímulo á improvisación e a creatividade.

8.RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Música:

- Recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Cadernos complementarios ao libro do alumno. Ademais, propónse a utilización do seguinte material para axudar á adquisición dos contidos:
 - Equipo de música con lector de CD audio.
 - Instrumentos de percusión.
 - Xogos, encadeados e adiviñas para desenvolver e estimular a imaxinación e a creatividade.

Recursos dixitais

- Libro dixital: Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica.
- Uso das tics, Aula virtual, páxina web...

9.FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10.MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades intúo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais intúo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11.AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

2º CURSO

Índice

1. Obxectivos da área de Música.2º EP.
2. Descritores.
3. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias básicas.
4. Organización e secuenciación de contidos.
5. Criterios metodolóxicos e estratexias didácticas xerais a utilizar na área.
6. Actividades complementarias.
7. Criterios de avaliación.
8. Estándares de aprendizaxe.
9. Evidencias para o portfolio.
10. Criterios de calificación e promoción.
11. Perfil de área con ponderación dos estándares de aprendizaxe
12. Recursos didácticos.
13. Medidas de atención á diversidade e inclusión.
14. Avaliación da programación didáctica.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MUSICA 2º EP

1. Discriminar os parámetros do son en audicións de sons do ámbito.
2. Identificar e describir o son das distintas voces e instrumentos.
3. Vocalizar, respirar e articular correctamente nas interpretacións vocais.
- *4. Utilizar a voz como medio de expresión.
- *5. Explorar as calidades sonoras de instrumentos de pequena percusión e de instrumentos de láminas.
6. Discriminar a duración, figuras musicais, notas, acentos e silencios na interpretación de

partituras.

7. Gozar coa música e todo o que a rodea nas interpretacións musicais.

*8. Utilizar o corpo como instrumento adecuando os seus movementos ao ritmo, ao espazo e á coordinación.

DESCRITORES

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
	Coidado do ámbito natural e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none">• Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.• Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.• Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.• Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none">• Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.• Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.

<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<p>A ciencia no día a día</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso redor.
	<p>Manexo de elementos matemáticos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
	<p>Razoamento lóxico e resolución de problemas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos. • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
	<p>Comprensión: oral e escrita</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos. • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... • Gozar coa lectura.
	<p>Expresión: oral e escrita</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información. • Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. • Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.

<i>Comunicación lingüística</i>	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. • Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. • Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. • Elaborar e dar a coñecer información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. • Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. • Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. • Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no ámbito cotián. • Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. • Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. • Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. • Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. • Involucrarse ou promover accións cun fin social.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Ser constante no traballo e superar as dificultades. • Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. • Darlle prioridade á consecución de obxectivos de grupo ante intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. • Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. • Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. • Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. • Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.

	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... • Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe. • Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. • Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. • Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos e nas alumnas a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Tratar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que “describen” o alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente de indicativo. O desempeño será o aspecto

concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivo e indícanos qué debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciales definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos e as nosas alumnas aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos e alumnas cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poderlles dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Música.

Na área de Música incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe á adquisición da Competencia matemática e Competencias en ciencias e tecnoloxía ao tratar conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, no mobiliario, nos obxectos cotiáns, no espazo natural, e naquelas ocasións nas que se necesitan referentes para organizar a obra artística no espazo. Así mesmo, aspectos traballados en música como o ritmo e as escalas, colaboran directamente coa consecución da Competencia matemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso redor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A través dos intercambios comunicativos que se xeran nas diversas actividades e proxectos, do uso das normas que os rexen, da explicación dos procesos e do vocabulario específico que a área achega, contribúese ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

De forma específica, cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo propicio para a adquisición de novo vocabulario e para desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación. Desenvólvese tamén esta competencia a través da descrición dos proxectos de traballo, das argumentacións sobre solucións achegadas no desenvolvemento dos proxectos e da propia presentación destes.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

Competencia dixital

Mediante o uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e para achegar o alumnado á creación de producións artísticas e da análise da imaxe e do son e das mensaxes que estes transmiten, contribúese ao desenvolvemento da Competencia dixital.

Na área adestraremos os seguintes descritores:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar e dar a coñecer información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

Conciencia e expresións culturais

A área de Educación artística contribúe directamente en todos os aspectos que configuran a área á adquisición desta competencia. Nesta etapa ponse a énfase no coñecemento de diferentes códigos artísticos e das técnicas e dos recursos que lle son propios, axudándolle ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que o rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais. A posibilidade de representar unha idea de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes artísticas proporcionan, promove a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, ao tempo que ensina a respectar outras formas de pensamento e expresión.

A área, ao propiciar o achegamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do ámbito máis próximo como doutros pobos, dota os alumnos e as alumnas de instrumentos para valoralas e para formular opinións cada vez máis fundamentais no coñecemento. Deste xeito, poden ir configurando criterios válidos en relación cos produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de ocio.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A Educación artística favorece a participación en experiencias colectivas: colaxes, exposicións, experiencias musicais, etc., como forma de expresar ideas, sentimentos, vivencias tanto persoais como de grupo. A interpretación e a creación supoñen, en moitas ocasións, un traballo en equipo. A aceptación de normas desta forma de traballo, a cooperación, a asunción de responsabilidades e a utilización de espazos de xeito apropiado, son regras e normas dun desenvolvemento social e cívico adecuado. Todo iso fai que a área contribúa ao desenvolvemento da Competencia social e cívica.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade e á busca de formas innovadoras, senón que ademais xera flexibilidade polas diferentes respostas que poden obterse ante un mesmo suposto. Neste sentido a área de Educación artística contribúe á competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, actuando significativamente no proceso que leva ao neno desde a exploración inicial ata o produto final, o cal require unha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais, non estereotipados. O traballo en equipo e as habilidades de planificación, organización e elaboración de proxectos de traballo supón o desenvolvemento de capacidades e habilidades básicas tales como: a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, contribuindo todas elas directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Neste caso, os descritores que hai que adestrar serán:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.

Aprender a aprender

Á competencia para Aprender a aprender contribúese na medida que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, co fin de que

os coñecementos adquiridos doten a nenos e nenas dunha experiencia suficiente para utilizalos en situacións diferentes. O desenvolvemento da capacidade de observación formula a conveniencia de establecer pautas que a guén, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente. Neste sentido, a área fai competente en aprender, ao proporcionar protocolos de indagación e planificación de procesos susceptibles de ser utilizados noutras aprendizaxes.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serán:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Bloque 4. escoita.

- Discriminación de sons: son e silencio.
- Sons do ámbito próximo (casa e colexio).
- Posibilidades sonoras dos obxectos.
- *• Formas musicais: ostinato e rondó, lied, pregunta e reposta, eco.
- *• Os parámetros do son: percepción sensorial.
- O timbre, a intensidade, a altura e a duración nos sons do ámbito.
- *• A música como linguaxe infantil: xogos populares.

Bloque 5. Interpretación musical.

- *• Técnica vocal: articulación, vocalización e respiración.
- *• Exploración dos recursos da voz: encadeados rítmicos
- *• A canción con acompañamentos rítmicos en ostinato.
- Canción con forma de estrofa e retrouso: rondó•
- Posibilidades sonoras dos instrumentos de percusión corporal.
- Clasificación dos instrumentos: corda, vento, percusión.
- *• Instrumentos de percusión afinada: xilófono, metalófono e carillón.
- Graffías non convencionais e introdución ás convencionais: compás (binario e ternario), duración (redonda, branca, negra), escala, nota (*sol*, *mi*), silencio.

Bloque 6. A música, o movemento e a danza.

- *• Control do corpo: movemento, repouso, respiración e desprazamento polo espazo.
- O movemento corporal adecuado ao ritmo e á forma da música.
- A canción infantil con xestos.
- *• Creación, improvisación e repertorio de danzas sinxelas.
- *• Coreografía en parellas e con acompañamento instrumental.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado que adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Música:

O desenvolvemento desta área deberá permitir coñecer, e apreciar, as manifestacións artísticas para favorecer o desenvolvemento da súa percepción, sensibilidade, curiosidade e creatividade.

A metodoloxía utilizada en Educación Artística, como non pode ser doutro xeito, debe ser asumida desde a perspectiva de “saber facer”, é dicir, os procesos de aprendizaxe deben realizarse a partir da propia experiencia, actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas; será o protagonista activo no proceso de sensibilización, apreciación e creación artística.

Desde esta perspectiva teremos en conta os valores creativos e expresivos (o/a neno/a debuxa, pinta, canta, baila, modela, toca un instrumento, dramatiza, presenta unha historia ou un xogo expresando os seus propios sentimentos e emocións...), e os valores perceptivos (o/a neno/a tamén contempla debuxos, cadros, esculturas, fotografías, películas, videoclips, escoita cancións, asiste a representacións teatrais, a festas, ao circo...). As linguaxes artísticas traballaranse a través de técnicas e procedementos diversos dunha forma máis dinámica e creativa.

Por outro lado, o alumnado do século XXI non pode estar afastado do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, terá a posibilidade de aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen para o desenvolvemento das súas capacidades artísticas.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se van realizar estarán pensadas desde a **Teoría das Intelixencias Múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesita para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área os alumnos e as alumnas iníciáanse no coñecemento e no aprecio do feito cultural en xeral, polo que terán que formarse en habilidades e actitudes que permitan acceder a manifestacións artísticas que os leven a poder desenvolver a súa capacidade crítica.

O **traballo en grupo colaborador** será unha forma de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e á vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Os contidos da área de Plástica están organizados ao redor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?

Como resultaron as actividades?

Cales gustaron máis?

Que propostas de mellora podemos sinalar?

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 4. escoita.

1. Identificar e discriminar sons, tanto do ámbito próximo como de voces e instrumentos escoitados a partir de audicións; describilos oralmente atendendo aos parámetros do son.

Bloque 5. Interpretación musical.

1. Utilizar a voz como medio de expresión do son considerando a corrección na respiración, na vocalización e na articulación.
- * 2. Recoñecer as posibilidades sonoras dos instrumentos empregando os de percusión e de láminas para acompañar as interpretacións vocais.
3. Interpretar partituras sinxelas nas que se discrimina a duración, as figuras, as notas, os acentos e os silencios.
4. Valorar e gozar os coñecementos adquiridos e interesarse en aplicalos nas súas interpretacións na aula

Bloque 6. A música, o movemento e a danza.

1. Utilizar as posibilidades expresivas do seu corpo e adecualas ao ritmo da música, ao espazo e á coordinación.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 4. escoita.

- 1.1. Diferencia os sons en función da súa orixe natural ou artificial.
- 1.2. Identifica algúns instrumentos da orquestra.
- 1.3. Discrimina o timbre nos sons próximos, musicais e non musicais.
- 1.4. Percibe e expresa contrastes de intensidade en audicións, cancións e grafías non convencionais.
- *1.5. Discrimina a altura musical en ditados, cancións e audicións.
- 1.6. Goza coas interpretacións e audicións propostas.
- *1.7. Comprende a importancia da música nos xogos populares.

Bloque 5. Interpretación musical.

- *1.1. Entoa cancións esforzándose na vocalización e articulación.
- *1.2. Entoa sons de afinación determinada en intervalo de 3.^a menor.
- 2.1. Descubre as posibilidades sonoras dos instrumentos de percusión corporal.
- 2.2. Clasifica algúns instrumentos segundo sexan de corda, vento ou percusión.
- 2.3. Recoñece, nomea e emprega instrumentos de percusión para acompañar ritmicamente encadeados, cancións e audicións.
- 2.4. Interpreta nos instrumentos de láminas melodías de ata catro sons.
- 3.1. Interpreta de forma habitual partituras de grafía non convencional.
- 3.2. Percibe e expresa sons graves e agudos, longos e curtos, fortes e débiles, e timbres diferentes.
- 3.3. Discrimina o timbre e as características dalgúns instrumentos escolares.
- 3.4. Diferencia e interpreta acentos binarios e ternarios, pulsos e ritmos, en situacións contextualizadas.
- 3.5. Discrimina e recoñece figuras musicais (redonda, branca, negra), notas (*mi* e *sol*) e silencios nunha partitura.
- 4.1. Contribúe ao mantemento óptimo dos instrumentos musicais da aula.
- 4.2. Participa con desinhibición nos xogos musicais propostos.
- 4.3. Interésase por mellorar a calidade das interpretacións musicais.

Bloque 6. A música, o movemento e a danza.

- *1.1. Experimenta de forma consciente os dous tempos da respiración.
- 1.2. Adecúa o movemento corporal ao ritmo e á forma da música.
- 1.3. Dramatiza cancións con mímica ou con xestos segundo un código establecido.
- 1.4. Coñece e identifica danzas doutros países.
- *1.5. Interpreta unha coreografía sinxela axustándose á música e á parella e coordinando a lateralidade.

EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostren o nivel de consecución do estándar e detallen a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución do alumnado; pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar ao alumnado que seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

No anexo de avaliación preséntase un posible guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recoller na área de Música poden ser:

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para valorar o grado de adquisición das competencias básicas e dos obxectivos fixados son fundamentais os criterios de calificación.

En cada trimestre realizarase unha avaliación, informando por escrito ao alumn@ e aos pais/nais das calificacións obtidas.

A área de Música dividirase en tres bloques temáticos que se levarán a cabo nas tres avaliacións.

A ponderación variará en función do curso que se vai avaliar. Utilizaranse diferentes instrumentos como:

- Rexistro do traballo instrumental.
- Rexistro de expresión corporal.
- Rexistro de expresión vocal e canto.
- Rexistro de observación en clase.
- Proba escrita.

A proba escrita farase unha vez por trimestre.

En cada avaliación terase en conta:

- Ferramentas de avaliación do traballo competencial.
- Probas de avaliación escritas.
- Evidencias dos estándares de aprendizaxe.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Rexistro do traballo instrumental	

6. Actividades complementarias.
7. Criterios de avaliación.
8. Estándares de aprendizaxe.
9. Evidencias para o portfolio.
10. Criterios de cualificación e promoción.
11. Perfil de área con ponderación dos estándares de aprendizaxe.
12. Recursos didácticos.
13. Medidas de atención á diversidade e inclusión.
14. Avaliación da programación didáctica.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE MÚSICA 3.º EP

1. Valorar a música como medio de expresión e de relación entre as persoas.
- *2. Recoñecer o valor da música como ferramenta terapéutica e medio para canalizar as emocións.
3. Fomentar a actitude de escoita e o respecto polo silencio.
4. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.
5. Identificar os distintos tipos de voces na audición de obras vocais: masculina, feminina e voces brancas.
- *6. Discriminar entre monodia e polifonía.
7. Explorar as calidades sonoras de diferentes materiais poñendo atención aos distintos timbres.
8. Coñecer e interpretar diferentes formas musicais: rondó, ostinato e canon.
9. Explorar as calidades sonoras da voz na interpretación e a improvisación vocal.
- *10. Realizar acompañamentos sinxelos a cancións con instrumentos musicais.
11. Desenvolver o canto en grupo en monodia e introducir a polifonía co canon melódico.
12. Representar graficamente as calidades do son.
13. Recoñecer e descodificar elementos da grafía convencional: figuras (negra, corchea, silencio), notas (mi, sol, la), pentagrama, clave de sol, escala (pentatónica, diatónica), compás (binario e ternario).
14. Clasificar os diferentes instrumentos por familias: corda (pulsada, fregada e percutida), vento e percusión.
15. Coñecer e manexar a frauta doce para a interpretación musical.
16. Identificar os diferentes profesionais que interveñen na creación e interpretación musical.
17. Expresar musicalmente, a través do corpo e o movemento, sentimentos, emocións e vivencias.

DESCRITORES

COMPETENCIA

INDICADORES

DESCRITORES

<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<p>Coidado do ámbito ambiental e dos seres vivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso. • Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. • Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito. • Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	<p>Vida saudable</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. • Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
	<p>A ciencia no día a día</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
	<p>Manexo de elementos matemáticos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
	<p>Razoamento lóxico e resolución de problemas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos. • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos. • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... • Gozar coa lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información. • Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. • Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Respeitar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. • Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. • Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. • Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. • Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. • Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. • Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián. • Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. • Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. • Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. • Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. • Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Ser constante no traballo superando as dificultades. • Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. • Priorizar a consecución de obxectivos grupales a intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. • Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
	Emprendimiento	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. • Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. • Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. • Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. • Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... • Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. • Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. • Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. • Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que “describen” ao alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e objetivable e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional se traballarán desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Música.

Na área de Música incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos entender, coñecer e investigar a través de diferentes códigos todo o referente ao coñecemento artístico, de forma máis concreta, o coñecemento musical.

Así mesmo, a tecnoloxía permitirá desenvolver a capacidade do alumnado para afondar no coñecemento da linguaxe artística.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.

Comunicación lingüística

Esta competencia permitiranos dotar de ferramentas o alumnado para que poidan acceder ao coñecemento do mundo da música e da danza.

As ferramentas posibilitarán que se inicien na expresión e a comunicación a todos os niveis. A comprensión, a percepción... serán habilidades que irán adquirindo a medida que o desenvolvemento da súa linguaxe vaia crescendo.

Procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de texto creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Esta competencia permitiranos dotar de ferramentas o alumnado para que cree as súas propias producións nas súas múltiples facetas favorecendo o coñecemento de diferentes manifestacións culturais nos diferentes planos da música e a danza.

Na área de Música adestraremos os descritores seguintes:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia permitirá ao alumnado gozar e enriquecerse de expresións no mundo artístico e cultural da música e a danza que poida achegar o seu ámbito e mesmo outras culturas. Levaranos a valorar as creacións artísticas propias e as doutros.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Música permitiranos facer confluír diversos aspectos como o diálogo, a participación, o respecto, a riqueza da diversidade, a convivencia que favorezan diferentes realidades presentes na nosa sociedade. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de Dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Música comporta unha actitude positiva que presupón flexibilidade e oportunidade; por iso, esta competencia fomentará unha vertente máis social que implica desenvolver habilidades e actitudes relacionadas co liderado de proxectos que comportan confianza nun mesmo, empatía, habilidades de diálogo e cooperación, organización de tempos e tarefas... para alcanzar todo aquilo que se propoñan.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

Esta competencia dentro desta área permitiranos a posibilidade de iniciar o alumnado na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de forma cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos obxectivos propostos e ás necesidades que se teñan. A área de

Música vai nos levar a planificar, secuenciar, avaliar... tanto en proxectos de forma individual coma de forma colectiva.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serán:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Bloque 1. escoita.

O medio acústico na saúde e na convivencia.

A actitude de escoitar.

O silencio.

As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.

Obras vocais con distintas voces: masculina, feminina e voces brancas.

*Diferenciación de monodia e polifonía.

Recoñecemento de timbres e calidades de materiais sonoros diversos.

*Formas musicais: rondó (estrofas e retrousos), ostinato e canon.

Bloque 2. Interpretación musical.

Recursos da voz: improvisación vocal, emisión, articulación, vocalización e respiración.

Canto con acompañamento instrumental.

*Canto en grupo: ostinatos melódicos e rítmicos.

*Iniciación ao canto polifónico mediante o procedemento de canon.

Calidades do son: duración, intensidade, timbre, altura e a súa representación.

Grafía convencional: figuras (negra, corchea, silencio), notas (mi, sol, la), pentagrama, clave de sol, escala (pentatónica, diatónica), compás (binario e ternario).

Familias de instrumentos: instrumentos de percusión, de corda (fregada, pulsada, percutida), de vento.

A frauta doce. Profesionais da música.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

O sentido musical a través do control corporal.

Control do corpo: movement, repouso e desprazamento polo espazo.

Canción gestualizada.

A danza como expresión musical de ritmos e como expresión de sentimentos, emocións e imaxinación.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS A UTILIZAR NA ÁREA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e estes adquiren un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Música:

As manifestacións artísticas son achegas inherentes ao desenvolvemento da humanidade: non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se considere a presenza da arte en todas as súas posibilidades. Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma a musical para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento musical facilitará o desfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo este.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

O profesorado favorecerá o **traballo en grupo colaborador** de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final.

Os contidos da área de Música están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?

Como resultaron as actividades?

Cales gustaron máis?

Que propostas de mellora podemos sinalar?

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. escoita.

- *1. Coñecer a importancia do mantemento dun medio acústico adecuado para a mellora da saúde e a convivencia.
2. Identificar as calidades en sons da natureza, do ambiente e do ámbito, tras a súa exploración auditiva.
3. Recoñecer diferentes tipos de voz auditivamente.
- *4. Recoñecer e describir algúns elementos musicais en pezas escoitadas na aula.

Bloque 2. Interpretación musical.

1. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais da voz adecuando a respiración e a postura corporal á interpretación vocal.
2. Identificar elementos utilizados na representación gráfica convencional da música utilizando de forma apropiada termos técnicos propios da linguaxe musical.
3. Recoñece por medio de imaxes e clasifica os instrumentos en familias nomeando algún deles.

4. Memorizar e interpretar un repertorio básico de pezas instrumentais coa frauta doce.
5. Buscar, seleccionar e organizar informacións en documentos gráficos e medios informáticos sobre diferentes profesionais da música (compositores, produtores, directores, intérpretes) mostrando unha actitude de respecto e valoración polo seu traballo.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

1. Utilizar o corpo como expresión de sentimentos, emocións e imaxinación con control postural e coordinación coa música.
2. Memorizar e interpretar por imitación danzas do propias do ámbito.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. Escoita.

- 1.1. Mantén unha actitude de respecto tanto nas audicións musicais como cando participan os seus compañeiros.
- 1.2. Valora o silencio como necesario para a audición musical.
- 2.1. Describe, oralmente e por escrito, algunhas calidades dos sons escoitados.
- 2.2. Toma conciencia dos sons que o rodean recoñecendo a súa natureza.
- 3.1. Coñece a diferenza entre as voces femininas, as masculinas e as brancas.
- 3.2. Diferencia e define de xeito oral e por escrito a monodia da polifonía.
- 4.1. Discrimina e clasifica en familias (corda, vento e percusión) os instrumentos que participan nunha obra musical orquestral.
- *4.2. Descubre a organización dunha obra musical sinxela.
- *4.3. Identifica as formas musicais (rondó, ostinato e canon) en obras musicais escoitadas.

Bloque 2. Interpretación musical.

- 1.1. Recoñece as posibilidades expresivas, sonoras e musicais da voz.
- 1.2. Desenvolve hábitos correctos de respiración, posición e articulación para interpretar coa voz.
- 1.3. Participa en actividades vocais en grupo e/ou con acompañamento musical observando a respiración, a articulación e a afinación.
- *1.4. Iníciase no canto polifónico mediante o procedemento do canon.
- 2.1. Le e interpreta unha partitura sinxela escrita en linguaxe musical convencional en clave de sol.
- 2.2. Interpreta correctamente figuras e silencios de redonda, branca, negra e corchea.
- 2.3. Comprende e utiliza os conceptos de intensidade (piano, forte) cando interpreta.
- 3.1. Discrimina e clasifica en familias (corda, vento e percusión) os instrumentos que lle son mostrados fisicamente ou por medio de imaxes.
- 3.2. Nomea e describe as características dalgúns instrumentos.
- 4.1. Coñece as partes da frauta doce.
- 4.2. Iníciase no estudo da técnica da frauta doce.
- 4.3. Interpreta pezas musicais coa frauta doce coas notas da man esquerda.

- 5.1. Coñece a figura e a función do director e dos diferentes intérpretes en distintas agrupacións.
- *5.2. Analiza e recolle información sobre directores e intérpretes destacados do noso país.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

- *1.1. Axusta o propio movemento ao espazo e aos demais nos desprazamentos.
- 1.2. Adecúa o xesto ao texto da canción.
- *2.1. Escenifica unha danza ou coreografía sinxela en grupo.
- 2.2. Coñece as danzas españolas máis representativas.

EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar a ao alumno que seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

No anexo de avaliación preséntase un posible guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recoller na área de Ciencias da Natureza poden ser:

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado en aula.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para valorar o grado de adquisición das competencias básicas e dos obxectivos fixados son fundamentais os criterios de calificación.

En cada trimestre realizarase unha avaliación, informando por escrito ao alumn@ e aos pais/nais das calificacións obtidas.

A área de Música dividirase en tres bloques temáticos que se levarán a cabo nas tres avaliacións.

A ponderación variará en función do curso que se vai avaliar. Utilizaranse diferentes instrumentos como:

- Rexistro do traballo instrumental.
- Rexistro de expresión corporal.
- Rexistro de expresión vocal e canto.
- Rexistro de observación en clase.
- Proba escrita.

A proba escrita farase unha vez por trimestre.

En cada avaliación terase en conta:

- Ferramentas de avaliación do traballo competencial.
- Probas de avaliación escritas.
- Evidencias dos estándares de aprendizaxe.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Rexistro do traballo instrumental	
Rexistro de expresión instrumental	
Rexistro de expresión corporal	
Rexistro de expresión vocal e canto	
Rexistro de observación en clase	
Proba escrita	
Cualificación total	

Ao final do curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1. ^a avaliación	
2. ^a avaliación	
3. ^a avaliación	

Portfolio de aprendizaxe	
Cualificación total	

PERFIL DE ÁREA CON PONDERACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

3º CURSO			
1º TRIMESTRE			
BLOQUE 1. ESCOITA		30%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCL CCEC	1- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical	2%	Rexistro observación en clase
CCL CCEC	2- Manifesta as sensacións, impresións e sentimentos que provoca a audición dunha peza musical.	3%	Rexistro observación en clase
CSC	3- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais	5%	Rexistro observación en clase
CAA CCEC	4- Describe e da información sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e sons do contexto	5%	Rexistro proba escrita
CCEC CAA	5- Distingue tipos de voces e instrumentos e agrupacións instrumentais ou vocais.	5%	Proba escrita
CCEC CAA	6- Representa graficamente coa linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	5%	Caderno
CCEC CAA	7- Distingue as diferentes calidades do son, timbre, altura, duración e intensidade.	5%	Rexistro proba escrita
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL		50%	
COMPE			

TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CAA CMCCT	1- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	5%	Proba escrita
CCEC CSC	2- Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con diferentes agrupamentos con ou sen acompañamento.	10%	Rexistro expresión instrumental
CAA	3- Toma conciencia dos erros cometidos e mostra interese por mellorar.	5%	Rexistro observación en clase
CSC	4- Mostra respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	5%	Rexistro observación en clase
CCEC CAA	5- Coñece os nomes das figuras de redonda, branca, negra e corchea e débúxaas correctamente.	10%	Rexistro proba escrita
CCEC CAA	6- Identifica esquemas melódicos ascendentes e descendentes diferenciando grave e agudo.	5%	Rexistro caderno
CCEC CAA	7- Coñece e identifica as notas musicais da escala re, mi, fa, sol e la.	10%	Rexistro proba escrita
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA		20%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CAA	1- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC CAA CMCCT	2- Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC CSC	3- Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC	4- Identifica, reproduce e disfruta interpretando	5%	Rexistro observación en

CSC	danzas tradicionais galegas e doutras culturas.		clase
SEGUNDO TRIMESTRE			
BLOQUE 1. ESCOITA		30%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCL CCEC	1- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	2%	Rexistro observación en clase
CCL CCEC	2- Manifesta as sensacións, impresións e sentimentos que provoca a audición dunha peza musical.	3%	Rexistro observación en clase
CSC	3- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	5%	Rexistro observación en clase
CCEC CMCCT	4- Describe e da información reseñable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	5%	Proba escrita
CCEC CAA	5- Distingue instrumentos e agrupacións instrumentais.	5%	Proba escrita
CCEC CAA	6- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou partitura sinxela.	5%	Proba escrita
CCEC CAA CCL	7- Representa graficamente coa linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	5%	Proba escrita
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICA		50%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CAA	1- Relaciona a música con imaxes e estilos musicais.	5%	Caderno
CSC	2- Mostra respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	5%	Rexistro observación en

			clase
CAA CCEC	3- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	5%	Rexistro traballo instrumental
CCEC CAA	4- Coñece e identifica as notas musicais da escala re, mi, fa, sol e la.	10%	Caderno
CCEC CAA	5- Coñece os nomes das figuras de redonda, branca, negra e corchea, débúxaas e emprégaas correctamente.	10%	Rexistro proba escrita
CCEC CSC	6- Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con ou sen acompañamento.	10%	Rexistro expresión instrumental
CAA	7- Toma conciencia dos erros cometidos e mostra interese por mellorar.	5%	Rexistro observación en clase
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA		20%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CAA	1- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC CAA CMCCT	2- Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	55	Rexistro expresión corporal
CCEC CSC	3- Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC CSC	4- Identifica, reproduce e disfruta interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	5%	Rexistro observación en clase
TERCEIRO TRIMESTRE			
BLOQUE 1. ESCOITA		30%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN

CCL CCEC	1- Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.	3%	Rexistro observación en clase
CCL CCEC	2- Manifesta as sensacións, impresións e sentimentos que provoca a audición dunha peza musical.	2%	Rexistro observación en clase
CSC	3- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	5%	Rexistro observación en clase
CCEC CMCCT	4- Describe e da información reseñable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	5%	Rexistro proba escrita
CCEC CAA	5- Distingue e clasifica instrumentos por familias.	5%	Rexistro proba escrita
CCEC CAA	6- Utiliza de forma correcta a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	5%	Rexistro expresión instrumental
CCEC CAA CCL	7- Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.	5%	Rexistro proba escrita
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL		50%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CAA	1- Relaciona a música con imaxes e estilos musicais.	5%	Caderno
CSC	2- Mostra respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	5%	Rexistro observación en clase
CAA CCEC	3- Coñece os nomes das figuras de redonda, branca, negra e corchea, débúxaas e emprégaas correctamente.	10%	Rexistro traballo instrumental
CAA CCEC CSIEE	4- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados	5%	Rexistro proba escrita

CCEC CAA	5- Coñece e identifica as notas musicais da escala do, re, mi, fa, sol, la, si e do´.	10%	Rexistro proba escrita
CCEC CSC	6- Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con ou sen acompañamento.	10%	Rexistro expresión instrumental
CAA	7- Toma conciencia dos erros cometidos e mostra interese por mellorar.	5%	Rexistro observación en clase
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA		20%	
COMPE TENCIAS CLAVE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	%	INSTRUMENTO AVALIACIÓN
CCEC CAA	1- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC CAA CMCCT	2- Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC CSC	3- Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	5%	Rexistro expresión corporal
CCEC CSC	4- Identifica, reproduce e disfruta interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	5%	Rexistro observación en clase

RECURSOS DIDÁCTICOS

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- . Recursos fotocopiabes da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e de ampliación e o rexistro de avaliación.
- . Cadernos complementarios ao libro do alumno. Ademais, propónse a utilización do seguinte material para axudar á adquisición dos contidos:
 - . Equipo de música con lector de CD audio.
 - . Instrumentos de percusión.

. Xogos, ringleiras e adiviñas para desenvolver e estimular a imaxinación e a creatividade.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...):

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? *(Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas...)*

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

Necesidades individuais

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...)*

Que medidas organizativas vas adoptar? *(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual)*.

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

1. Presentación da unidade
 2. Obxectivos didácticos
 3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
 4. Selección de evidencias para o portfolio
 5. Competencias: descritores e desempeños
 6. Tarefas
 7. Estratexias metodolóxicas
 8. Recursos
 9. Ferramentas de avaliación
 10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
 11. Autoavaliación do profesorado
-

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Rock das notas

Descrición da unidade

O protagonismo da unidade acapárao o ritmo marchoso, por ser o marco que vai motivar tamén a escoita atenta e afinación da escala. Só así se pode apreciar a música como unha arte que está viva. Traballaremos as calidades do son e familias de instrumentos. Mantense este fío condutor con actividades que van da experimentación práctica á asimilación dos elementos do son.

Temporalización:

Outubro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Apreciar o valor da entonación na música.
- Crear figuras corporais e moverse adcuadondo os desprazamentos e os xestos á música, o pulso e a lateralidade..
- Interiorizar as calidades do son.
- Transcribir as figuras musicais cos silencios respectivos.
- Integrar o acompañamento con instrumentos de percusión nunha audición activa.
- Coñecer a duración e a altura do son.
- Identificar instrumentos segundo as súas familias.
- Interpretar con frauta diferentes melodías.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
ESCOITA	O oído <ul style="list-style-type: none">• escoitar a escala musical.• Audición de instrumentos.• Audición: <i>Star Wars de John Williams</i> e o <i>Carnaval dos animais de Camile Saint-Saëns</i>.	<ol style="list-style-type: none">1. Apreciar o valor da escala musical.2. Identificar diferentes instrumentos para clasificalos segundo a súa familia.3. Gozar coa audición de obras musicais.	<ol style="list-style-type: none">1.1. Distingue a entonación entre as notas dunha escala.2.1. Distingue auditivamente instrumentos para a súa clasificación.3.1. Acompaña a audición activa respectando o pulso e seguindo a

			partitura que lle corresponde.
	Música, cultura e sociedade <ul style="list-style-type: none"> • Familia de instrumentos. • Compositores: John Williams e Camile Saint-Saëns. • Música e movemento: <i>Na festa de Monterrei</i>. 	4. Valorar a contribución musical dos grandes compositores. 5. Coñecer exemplos de obras variadas relacionadas co patrimonio musical. 6. Valorar as manifestacións artísticas doutras culturas.	4.1. Le e responde correctamente a cuestións sobre a lectura de <i>Narciso e Eco</i> . 5.1. Coñece a figura do compositor francés Suppe. 6.1. Participa activamente na interpretación dunha canción estranxeira con texto acumulativo.
INTERPRETACIÓN MUSICAL	A voz <ul style="list-style-type: none"> • Cancións: <ul style="list-style-type: none"> - <i>Rock das notas</i>. • Entoación da escala musical. 	7. Cantar, de forma expresiva, as cancións propostas. 8. Interiorizar a entonación da escala musical.	7.1. Participa no canto colectivo, seguindo as recomendacións básicas da entoación. 8.1. Entoa con precisión a escala musical.
	Os instrumentos <ul style="list-style-type: none"> • Clasificación de instrumentos segundo as súas familias. 	9. Interiorizar sons de instrumentos. 10. Integrar o acompañamento con instrumentos de percusión nunha audición activa.	9.1. Acompaña con instrumentos a audición activa, seguindo a partitura que lle corresponde. 10.1. Mostra interese nas diversas actividades colectivas de interpretación instrumental.
	Linguaxe musical <ul style="list-style-type: none"> • As calidades do son. • A duración do son. • A altura do son. • A notación musical. 	11. Coñecer os elementos básicos da notación musical. 12. Coñecer as calidades do son, altura e duración.	11.1. Completa actividades para coñecer as calidades do son, duración e altura. 11.2. Coñece a notación musical. 12.1. Le e interpreta mensaxes musicais sinxelas con grafías convencionais.

MOVIMENTO E DANZA	O corpo <ul style="list-style-type: none"> Movementos e danza Na festa de Monterrei. 	13. Adecuar o movemento do corpo ao pulso da música dunha audición, como experiencia de expresión corporal.	13.1. Participa na audición activa seguindo o pulso nos desprazamentos e reaccionando a cada unha das partes da música.
-------------------	--	---	---

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaiables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Distingue as notas da escala musical e interioriza a entonación.	• Actividade de entonación da escala musical. (LA)
2.1. Completa correctamente coas calidades do son.	• Ficha de calidade do son. (LA)
3.1. Acompaña a audición activa respectando o pulso e seguindo a partitura que lle corresponde.	• Actividades de lectura e interpretación de esquema rítmico para acompañar a audición. (LA)
4.1. Interpreta diferentes melodías coa frauta doce.	• Interpretación de melodías como Du, duu Frauta e Dialogamos. Frauta. (LA)
5.1. Coñece a figura do compositor John Williams a través dunha das súas obras.	• Lectura e busca de información de sobre a figura de John Williams. (LA e PD)
6.1. Participa activamente na interpretación dunha canción.	• Memorización e interpretación do texto dunha canción sobre a notación musical.(LA)
7.1. Participa no canto colectivo, seguindo as recomendacións básicas da entoación.	• Actitude activa na escoita e interpretación das cancións da unidade. (LA)
8.1. Identifica instrumentos para clasificalos segundo as súas	• Identificación de instrumentos e clasificación segundo a súa familia.(LA)

familias.	
9.1. Dramatiza a audición O Carnaval dos Animais.	• Dramatización de O Carnaval dos Animais. (LA)
10.1. Mostra interese nas diversas actividades colectivas de interpretación instrumental.	• Actitude de interese en coñecer o uso correcto dos instrumentos. (LA)
11.1. Completa actividades de escritura e discriminación das figuras branca, negra, corcheas, semicorcheas e silencio de branca e de negra.	• Actividades de discriminación e escritura das figuras branca, negra, corcheas, semicorcheas e silencio branca e de negra. (LA e RF)
12.2. Completa actividades de duración e altura do son.	• Fichas de duración e altura do son. (LA)
13.1. Participa acitivamente realizando a coreografía Na festa de Monterrei.	• Realización da coreografía Na festa de Monterrei.(LA)
14.1. Participa na audición activa seguindo o pulso nos desprazamentos e reaccionando a cada unha das partes da música.	• Páxina de seguimento de audición, con papeis ben diferenciados para cada un dos dous grupos que a interpretan. (LA)

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Gozar coa lectura.	Le e capta as ideas principais dun texto mitolóxico de <i>Narciso e Eco</i> .
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.	Pon atención ás explicacións e respecta a quenda de intervención nas actividades de grupo.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.	Aplica o valor das figuras en relación co pulso para completar un compás.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.	Utiliza o encerado dixital e Internet, tanto para realizar actividades coma para buscar información sobre os contidos da unidade.
<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver as distintas	Aplica modelos que serven

	intelixencias múltiples.	de referencia para realizar as tarefas propostas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.	Observa con atención para adquirir información relevante e suficiente que o leve a tomar decisións propias.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.	Respecta as achegas individuais dos demais compañeiros.
CCEC CSC	1- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	5%	Rexistro expresión corporal

CCEC CAA CMCCT	2- Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	2%	Rexistro expresión corporal
CCEC CSC	3- Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa aportación ao patrimonio artístico e cultura.	3%	Rexistro observación en clase
CCEC CSC	4- Reproduce e disfruta interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	5%	Rexistro observación en clase
CSIEE	5- Planifica a coreografía dacordo coa estrutura musical dada.	2%	Rexistro observación en clase
CAA CMCCT	6- Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara as demais persoas.	3%	Rexistro expresión corporal

RECURSOS DIDÁCTICOS

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e de ampliación e o rexistro de avaliación.
- Cadernos complementarios ao libro do alumno. Ademais, propónse a utilización do seguinte material para axudar á adquisición dos contidos:
- Equipo de música con lector de CD audio.
- Instrumentos de percusión.
- Xogos, encadeados e adiviñas para desenvolver e estimular a imaxinación e a creatividade.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...)

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? (*Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas...*)

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

Necesidades individuais

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (*Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...*).

Que medidas organizativas vas adoptar? (*Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual*).

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			

Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

Unidade 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliábeis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Popurrí mariñeiro

Descrición da unidade

Os contidos da unidade teñen por obxecto poñer o foco na música coa importancia que se lle outorga na nosa comunidade. Preséntanse as cancións que todos e todas cantamos cando estamos de festa, cando imos de excursión, é dicir aquelas cancións populares que nos recondan tanto a Galicia. Tamén realizaremos o estudo do son e as súas calidades, das voces e as súas agrupacións.

Temporalización:

Outubro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Practicar os recursos expresivos da voz.
- Integrar a achega individual nas instrumentacións.
- Reproducir co corpo, mediante o movemento, un esquema rítmico e melódico.
- Reproducir unha partitura non convencional para voz e xestos.
- Distinguir o ritmo e o compás de diversas obras.
- Discriminar auditivamente as calidades do son.
- Ler música en diferentes compases, binario, ternario e cuaternario.
- Diferenciar as voces e as súas agrupacións.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
ESCOITA	O oído <ul style="list-style-type: none">• Produción e calidades do son.• Audición de fragmentos musicais para percibir tipos de compases.• Audición: Danza de San Lucas e Coro de zíngaros de G. Verdi.	<ol style="list-style-type: none">1. Discriminar as calidades do son.2. Identificar distintos compases rítmicos atendendo á regularidade dos acentos.3. Coñecer os diferentes recursos utilizados polos compositores para a composición dunha obra.	<ol style="list-style-type: none">1.1. Coñece e discrimina as diversas calidades do son.1.2. Mantén unha actitude atenta e silenciosa na audición de exemplos das calidades do son.2.1. Coñece o compás binario, o ternario e o cuaternario.3.1. Identifica nunha

			obra clásica a repetición, a variación e o contraste.
	Música, cultura e sociedade <ul style="list-style-type: none"> • Clasificación dos instrumentos segundo o elemento vibratorio. • As voces e as súas agrupacións. 	4. Coñecer os instrumentos e clasificar segundo o elemento vibratorio. 5. Coñecer as voces e as súas agrupacións.	4.1. Coñece e clasifica os instrumentos segundo o elemento vibratorio. 5.1. Interésase por coñecer as voces e as diferentes agrupacións.
INTERPRETACIÓN MUSICAL	A voz <ul style="list-style-type: none"> • Cancións: <ul style="list-style-type: none"> - <i>Popurrí mariñeiro.</i> - <i>Amoriños collín.</i> • Partitura non convencional para voz e xestos. 	6. Coñecer a estrutura dunha das formas musicais máis antigas: a canción con retrouso. 7. Reproduce coa voz unha partitura non convencional.	6.1. Identifica o retrouso e a estrofa nunha canción de forma bipartita. 7.1. Aplica a práctica coa voz dunha partitura non convencional.
	Os instrumentos <ul style="list-style-type: none"> • Fruta: <i>Sol-La-Si.</i> • Fruta e acompañamento instrumental (PAI) en Si-La-Sol e con placas en Si-La e Amoriños collín, e con placas só <i>Conversa.</i> 	8. Realizar as actividades de interpretación atendendo á corrección dos seus elementos expresivos. 9. Recoñecer as notas da melodía dunha peza musical.	8.1. Pon en práctica as recomendacións básicas para obter un bo son coa fruta doce. 9.1. Copia a melodía da fruta e recoñece e escribe as notas que lle dan forma.
	Linguaxe musical <ul style="list-style-type: none"> • A canción con retrouso. • As calidades do son. • Tipos de compases (binario, ternario e cuaternario). • Duración das figuras musicais. • Grafías non convencionais. 	10. Utilizar os coñecementos adquiridos sobre os compases en diferentes situacións. 11. Experimentar de forma empírica a equivalencia dos valores das figuras para completar os tres tipos de compases.	10.1. Identifica o tipo de compás dunha obra atendendo ao acento como primeiro pulso de cada compás. 11.1. Completa compases binarios, ternarios ou cuaternarios tendo en conta os valores das diversas figuras e silencios.

MOVIMENTO E DANZA	O corpo <ul style="list-style-type: none"> Danza de San Lucas. 	12. Reproducir co corpo, mediante o movemento, un esquema rítmico e melódico. 13. Gozar da interpretación da danza en grupo como unha forma de interacción social.	12.1. Segue o ritmo nos desprazamentos da danza e reacciona aos cambios. 13.1. Ten iniciativa para interactuar libremente cos demais no desenvolvemento da danza.
-------------------	--	---	--

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (A) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.2. Coñece e discrimina as diversas calidades do son. 1.2. Mantén unha actitude atenta e silenciosa na audición de exemplos das calidades do son.	<ul style="list-style-type: none"> Actividades para discriminar as calidades do son do LA e as propostas na PD. Actitude atenta e silenciosa na realización de actividades de
2.1. Coñece o compás binario, o ternario e o cuaternario.	<ul style="list-style-type: none"> Actividades de lectura rítmica en compás binario, ternario e cuaternario. Actividades do apartado Repaso da unidade do LA.
3.1. Identifica nunha obra clásica a repetición, a variación e o contraste.	<ul style="list-style-type: none"> Actividades para a identificación da forma dunha obra do LA. Selección de audicións propostas na PD.
4.1. Clasifica os instrumentos segundo o elemento vibratorio.	<ul style="list-style-type: none"> Clasificación dos instrumentos segundo o elemento vibratorio.LA.
5.1. Coñece as voces e as diferentes agrupacións vocais.	<ul style="list-style-type: none"> Tarefa sobre identificación de voces e agrupacións vocais.
6.1. Interpreta con fruta doce, PAI e placas pequenas cancións.	<ul style="list-style-type: none"> Actividades de interpretación con fruta doce, PAI e placas.

7.1. Aplica o coñecemento da estrutura bipartita para identificar outras cancións que coñece con similares características.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de escoita e interpretación das cancións da unidade do LA.
8.1. Pon en práctica as recomendacións básicas para obter un bo son coa fruta doce.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades previas para unha boa interpretación coa fruta propostas no LA.
9.1. Interpreta unha partitura non convencional para voz e xestos.	<ul style="list-style-type: none"> • Partitura non convencional para voz e xestos.
10.1. Identifica o tipo de compás dunha obra atendendo ao acento como primeiro pulso de cada compás.	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura de ritmos en distintos compases do LA. • Actividades para identificar o pulso do LA. • Fichas de reforzo e de ampliación sobre os tipos de compases dos RF.
11.1. Completa compases binarios, ternarios ou cuaternarios tendo en conta os valores das diversas figuras e silencios.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de escritura musical en distintos compases do LA. • Actividades complementarias de creación de ritmos propostas na PD.
12.1. Segue o ritmo nos desprazamentos da danza e reacciona aos cambios.	<ul style="list-style-type: none"> • Danza da unidade do LA.
13.1. Ten iniciativa para interactuar libremente cos demais no desenvolvemento da danza.	<ul style="list-style-type: none"> • Danza da unidade do LA. • Coreografías suxeridas na PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	<i>Plan lector:</i> Gozar coa lectura.	Comprende o relato da unidade.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.	Escoita con actitude atenta e respectuosa os sons do ámbito.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta con corrección o apoio visual para a realización da actividade.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar recursos necesarios e pasos a	Segue os pasos establecidos na realización

	realizar no proceso de aprendizaxe.	das actividades.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	Utiliza os coñecementos adquiridos sobre os compases en diferentes situacións.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É respectuoso cos distintos ritmos de aprendizaxe nos traballos en grupo.
	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Participa e compórtase con responsabilidade nas actividades de grupo.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Coñece e valora as manifestacións musicais de distintas culturas.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Canta e interpreta con instrumentos de forma expresiva.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: O oído

- Identificamos as partes dunha canción. A estrofa e o retrouso.
- Realizamos actividades de discriminación auditiva do LA das diferentes calidades do son e respondemos a cuestións.
- Escoltamos fragmentos musicais do LD para percibir os tipos de compases.
- Interpretamos unha partitura non convencional con voz e xestos.
- Identificamos as partes dunha obra a partir da audición activa proposta no LA.

Tarefa 2: Música, cultura e sociedade

- . Clasificamos instrumentos segundo o elemento vibratorio.
- . Identificaremos voces e agrupacións de voces no LA.

Tarefa 3: A voz

- Entoamos as cancións do LA practicando diferentes recursos expresivos da voz.

- Facilitamos a aprendizaxe das cancións mediante os karaokes presentes no LD.
- Interpretamos coa voz as calidades do son representadas con signos non convencionais.

Tarefa 4: Os instrumentos

- Interpretamos e acompañamos coa fruta, con PAI e placas as partituras propostas no LA.
- Realizamos acompañamentos de audicións con pequena percusión.

Tarefa 5: Linguaxe musical

- Recordamos os conceptos das calidades do son coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Explicamos e practicamos coas actividades do LA os compases binario, ternario e cuaternario.
- Recordamos a duración das figuras no LA e realizamos actividades de creación de ritmos no A e nas actividades.

Tarefa 6: O corpo

- Traballamos a coreografía da Danza de San Lucas LA.
- Creamos novas coreografías coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Coordinamos os movementos da danza co resto do grupo.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Consideramos que a intelixencia musical ha de ser desenvolvida como unha experiencia cunha influencia motora sobre o resto das demais intelixencias múltiples. Desde unha metodoloxía activa, na que o profesor é un guía que acompaña ao alumno como verdadeiro protagonista. Trátase de axudalo a compartir cos demais esa experiencia positiva e gozosa que xorde do pracer de escoitar e de facer música.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Detección de ideas previas acerca dos conceptos da unidade.
- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Utilización do xogo como base da expresión musical.
- Exposición do profesor.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Música:

- Recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Cadernos complementarios ao libro do alumno. Ademais, propónse a utilización do seguinte material para axudar á adquisición dos contidos:

- Equipo de música con lector de CD audio e os CD audio da proposta didáctica.
- Os murais que acompañan a proposta didáctica: fruta doce (I), linguaxe musical, instrumentos da aula.
- A fruta doce, instrumentos de percusión e de láminas.
- Xogos, ringleiras e adiviñas para desenvolver e estimular a imaxinación e a creatividade.

Recursos dixitais

- Libro dixital: Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Uso das tics, aula virtual, páxina web...

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

1. Presentación da unidade
 2. Obxectivos didácticos
 3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
 4. Selección de evidencias para o portfolio
 5. Competencias: descritores e desempeños
 6. Tarefas
 7. Estratexias metodolóxicas
 8. Recursos
 9. Ferramentas de avaliación
 10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
 11. Autoavaliación do profesorado
-

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Xesusiño está nas pallas

Descrición da unidade

Unha vez presentada a canción da unidade xa nos fai sentir que o Nadal está cerca. Nesta unidade, música e escena mostran a fascinación que senten os nenos e nenas pola época na que nos encontramos: a que xorde de combinar o poder da música, a vivencia e o sentimento navideño. Sumado o potencial das tres, o resultado é espectacular.

Temporalización:

Novembro Decembro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Discriminar auditivamente os instrumentos de corda fretada.
- Practicar os signos de prolongación.
- Entender a definición musical de melodía.
- Integrar a achega individual e respectar a dos compañeiros nas actividades de conxunto instrumental.
- Recoñecer auditivamente a regularidade dos acentos en diferentes ritmos e melodías.
- Distinguir o tipo de ritmo e o compás de diversas obras musicais.
- Distinguir os diferentes instrumentos tradicionais.
- Coñecer e diferenciar as diferentes formas musicais galegas.
- *• Interpretar con fruta, PAI e placas diferentes cancións populares.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
ESCOITA	O oído <ul style="list-style-type: none">• O Nadal na música: identificar diferentes obras musicais.• Audición: O concerto de Aranzueu de	1. Distinguir auditivamente diferentes obras relacionadas co Nadal.	1.1. Discrimina auditivamente diferentes obras relacionadas co Nadal. 1.2. Disfruta co

	Joaquín Rodrigo e Bailando con Rosiña.		concerto de Aranzueu analizando os instrumentos que interveñen na audición.
	Música, cultura e sociedade <ul style="list-style-type: none"> Obras sobre o Nadal na música e O concerto de Aranzueu de Joaquín Rodrigo. Instrumentos de corda fretada, instrumentos tradicionais e as formas musicais galegas. 	2. Coñecer as distintas obras musicais do Nadal. 3. Valorar a achega da música a través de compositores como Joaquín Rodrigo. 4. Coñecer e valorar a importancia dos instrumentos de corda fretada, tradicionais e formas musicais galegas.	2.1. Coñece as diferentes obras musicais tendo como eixe central o Nadal. 3.1. Valora a achega da música a través de compositores como Joaquín Rodrigo. 4.1. Interésase por coñecer os diferentes instrumentos de corda fretada, tradicionais e formas musicais galegas.
INTERPRETACIÓN MUSICAL	A voz <ul style="list-style-type: none"> Cancións: <ul style="list-style-type: none"> - <i>Xesusiño está nas pallas.</i> - <i>Paxariños que vindes voando.</i> - <i>Ollos verdes.</i> O Nadal na música. 	5. Participar activamente das actividades de entoación valorando os recursos expresivos da voz. 6. Aprender e participar co canto na interpretación dun vilancico tradicional galego e outras cancións populares.	5.1. Participa por medio do canto na representación d'Os tres alpinos e na canción inglesa <i>The water is wide</i> 5.2. Practica os recursos expresivos da voz. 6.1. Utiliza correctamente a voz como elemento expresivo para a interpretación do vilancico.
	Os instrumentos <ul style="list-style-type: none"> Interpretación con frauta e PAI de Paxariños que vindes voando e Ollos verdes. Interpretación con frauta, PAI e placas de Esta gaitiña que toco. 	7. Respectar a achega dos compañeiros nas actividades de conxunto instrumental 8. Interpretar pequenas cancións populares con frauta, PAI e placas. 9. Aprender e practicar os bordóns máis	7.1. Respecta os compañeiros nas actividades de conxunto instrumental. 8.1. Interpreta correctamente con frauta, PAI e placas diferentes cancións populares.

		usuais.	9.1. Identifica con soltura cada un dos diferentes tipos de bordóns máis usuais no acompañamento de láminas.
	Linguaxe musical <ul style="list-style-type: none"> Os signos de prolongación. As figuras e silencios musicais. 	10. Saber diferenciar os signos de prolongación. 11. Coñecer e completar compases coas figuras e silencios dados.	10.1. Define correctamente un signo de prolongación. 11.1. Distingue os signos de prolongación. 11.2. Completa correctamente compases coas figuras e silencios dados.
MOVIMENTO E DANZA	O corpo <ul style="list-style-type: none"> Movemento e danza con Bailando con Rosiña. 	12. Participar na interpretación da danza Bailando con Rosiña.	12.1. Participa na interpretación da danza Bailando con Rosiña. 12.2. Participa na coreografía con interés.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Discrimina auditivamente os instrumentos de corda fretada e os	<ul style="list-style-type: none"> Actividades de discriminación auditiva de diferentes timbres de instrumentos e diferentes obras relacionadas co Nadal

instrumentos tradicionais. 1.2. Relaciona e identifica diferentes obras tendo como referente o Nadal.	LA.
2.1. Coñece os signos de prolongación e o seu valor.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade sobre signos de prolongación. • Fichas de reforzo e de ampliación sobre contidos da linguaxe musical.
3.1. Valora e coñece as diferentes formas musicais galegas (cantos narrativos, cantos do ciclo da vida, cantos de traballo, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades para identificar as diferentes formas musicais galegas LA.
4.1. Interésase por coñecer cancións populares galegas e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefa do final da unidade do LA. • Actividades para traballar a tarefa do final da unidade dos RF.
5.1. Participa por medio do canto na panxoliña Xesusiño está nas pallas. 5.2. Practica os recursos expresivos da voz.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de entoación expresiva do LA. • Exercicios para practicar os recursos expresivos da voz propostos na PD.
6.1. Utiliza correctamente a voz como elemento expresivo para o acompañamento do vilancico.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de entoación coa voz como acompañamento de cancións do LA.
7.1. Respecta os compañeiros nas actividades de conxunto instrumental.	<ul style="list-style-type: none"> • Actitude de respecto na realización de actividades de interpretación grupal do LA.
8.1. Coñece e interpreta cancións populares galegas con fruta, PAI e placas.	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretación adecuada das melodías de fruta e percusión LA.
9.1. Identifica con soltura cada un dos diferentes tipos de bordóns máis usuais no acompañamento de láminas.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de identificación auditiva de bordóns do LA. • Actividades de creación de bordóns para acompañamentos suxeridas na PD.
10.1. Identifica diferentes versión de O concerto de Aranjuez.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades relacionadas coa audición de O concerto de AranjuezLA.
11.1. Identifica os matices na audición O concerto de Aranjuez. 11.2. Nomea correctamente os matices que aparecen na audición de Joaquín Rodrigo.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de identificar e seguir o musicograma da audición de O concerto de Aranjuez LA.
12.1. Participa na representación da danza Bailando con Rosiña. 12.2. Participa na actividade asumindo de forma responsable o papel que se lle asigne a cada un na	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de interpretación grupal do LA. • Actitude respectuosa na realización de actividades de interpretación grupal do LA.

repartición.	
--------------	--

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.	Pon atención ás explicacións e respecta a quenda de intervención nas actividades de grupo.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.	Escoita con actitude atenta e respectuosa os sons do ámbito.
	Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.	Percibe a relación do maior ou menor número de unidades na formación de grupos atendendo ao seu tamaño.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.	Utiliza o encerado dixital e Internet, tanto para realizar actividades coma para buscar información sobre os contidos da unidade.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na realización das actividades.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.	Observa con atención para adquirir información relevante e suficiente que o leve a tomar decisións propias.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É respectuoso cos distintos ritmos de aprendizaxe nos traballos en grupo.
	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos	Participa e compórtase con responsabilidade nas actividades de grupo.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Demostra interese, constancia e iniciativa na creación de actividades artísticas
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Coñece e valora as manifestacións musicais de distintas culturas.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Canta e interpreta con instrumentos de forma expresiva.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: O oído

- Escoitamos unha audición de Joaquín Rodrigo: O concerto de Aranjuez.
- Recoñecemos o timbre de instrumentos de corda fretada e instrumentos tradicionais.
- Realizamos actividades de discriminación auditiva de diferentes obras que teñen como referente o Nadal.
- Escoitamos e identificamos as diferentes formas musicais galegas.
- Identificamos as diferentes versión de O concerto de Aranjuez.

Tarefa 2: Música, cultura e sociedade

- Coñecemos as diferentes versións que hai sobre O concerto de Aranjuez.
- Coñecemos datos biográficos sobre o compositor Joaquín Rodrigo.
- Realizamos a tarefa do LA sobre as formas musicais galegas.
- Coñecemos os diferentes instrumentos de corda fretada e instrumentos tradicionais.

Tarefa 3: A voz

- Entoamos as cancións do LA practicando diferentes recursos expresivos da voz.
- Lemos coa entoación adecuada o relato sobre Verdi do LA.
- Facilitamos a aprendizaxe das cancións mediante os karaokes presentes no LD.

Tarefa 4: Os instrumentos

- Interpretamos e acompañamos coa fruta e cos instrumentos da aula, PAI e placas as partituras propostas no LA, cancións populares como Paxariños que vindes voando, Esta gaitiña que toco e Ollos verdes.
- Creamos acompañamentos rítmicos con instrumentos de percusión segundo as actividades propostas na PD.

Tarefa 5: Linguaxe musical

- Aprendemos o concepto e o valor dos signos de prolongación.
- Practicamos en actividades do LA coas figuras e silencios musicais dados.

Tarefa 6: O corpo

- Traballamos a danza de Bailando con Rosiña de Carlos Núñez.
- Creamos novas coreografías coas suxestións metodolóxicas da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Comezar o estudo dos contidos novos da unidade partindo das ideas previas. Empregar o xogo dramático, como canalizador da expresión, para estimular a participación no teatro musical. Aproveitar a prosodia e a percusión corporal como base para a interpretación de ritmos de certa complexidade no acompañamento de cancións. Facilitar a integración de todos os alumnos no gran grupo para propiciar a desinhibición e a creatividade.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Detección de ideas previas acerca dos conceptos da unidade.
- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Utilización do xogo como base da expresión musical.
- Exposición do profesor.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Música:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio e os CD audios da proposta didáctica.
- Os murais que acompañan a proposta didáctica: fruta doce (I), linguaxe musical, instrumentos da aula.
- A fruta doce, instrumentos de percusión e de láminas.
- Pezas de vestir, panos, etc., para disfrazarse e preparar a dramatización d' *Os tres alpinos*.

Recursos dixitais

- Libro dixital: Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Uso das tics, aula virtual, páxina web...

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

1. Presentación da unidade
 2. Obxectivos didácticos
 3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
 4. Selección de evidencias para o portfolio
 5. Competencias: descritores e desempeños
 6. Tarefas
 7. Estratexias metodolóxicas
 8. Recursos
 9. Ferramentas de avaliación
 10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
 11. Autoavaliación do profesorado
-

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Cantarela dos nenos

Descrición da unidade

A relación que garda a música coa paz é o eixe en torno ao que xiran os contidos da unidade. Ambas as dúas teñen en común a influencia da forma e os matices para enriquecer todo o seu potencial expresivo. Introducirémonos con instrumentos de láminas nas notas a contratempo e así mesmo realizaremos bailes e danzas na música popular.

Temporalización:

Xaneiro Febreir

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a distancia entre notas correlativas (ton e semitón).
- Coñecer e practicar con instrumentos de láminas notas a contratempo.
- Coñecer a ligadura e o punto como signos de prolongación e aplicalos á escritura musical.
- Coñecer o nome de bailes e danzas na música popular.
- Afianzar a discriminación auditiva dos diversos instrumentos da orquestra atendendo ao seu timbre.
- Desenvolver e fortalecer as rutinas en canto á técnica correcta de interpretación na frauta.
- Coñecer a frase musical atendendo a pregunta-resposta.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
ESCOITA	O oído <ul style="list-style-type: none">• Escrita para logo interpretar A muralla.• Audición: Tambourine de F. Joseph Gossec.• Escrita de bailes e danzas na música	<ol style="list-style-type: none">1. Escotar e interpretar A muralla e Cantarela dos nenos.2. Discriminar auditivamente os diferentes bailes e danzas na música popular.	<ol style="list-style-type: none">1.1. Coñece as cancións a través da escucha.1.2. Mantén unha actitude atenta e silenciosa na audición.2.1. Distingue os diferentes bailes e danzas na música

	<p>popular.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Canción: Cantarela dos nenos. 		popular.
	<p>Música, cultura e sociedade</p> <ul style="list-style-type: none"> • Bailes e danzas na música popular. • As frutas (de pico, travesiras e travesira galega). 	<p>3. Coñecer os bailes e danzas na música popular.</p> <p>4. Coñecer as diferentes frutas que temos.</p>	<p>3.1. Coñece os diversos bailes e danzas na música popular.</p> <p>3.2. Coñece as diferentes frutas.</p> <p>4.1. Valora o enriquecemento cultural que supuxo a relación entre a música e a arte ao longo da historia.</p>
INTERPRETACIÓN MUSICAL	<p>A voz</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cancións: <ul style="list-style-type: none"> - <i>Cantarela dos nenos.</i> - A saia de Carolina. - A muralla. • Entoación entre notas correlativas. 	<p>5. Desenvolver a calidade expresiva desde a técnica vocal nas actividades de canto.</p> <p>6. Entoar unha melodía atendendo aos signos de prolongación.</p> <p>7. Coñecer os conceptos de entoación e afinación vocal tendo en conta as notas correlativas.</p>	<p>5.1. Entoa con afinación apropiada nas actividades de canto en grupo.</p> <p>6.1. Respecta a duración das notas unidas por ligadura de prolongación.</p> <p>7.1. É capaz de entoar notas correlativas diferenciando ton e semitón.</p>
	<p>Os instrumentos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interpretación con fruta, PAI e placas de Campaiñas e A saia de Carolina. • Fruta: <i>Pinocho foi pescar.</i> • As frutas (de pico, travesiras e travesira galega). 	<p>8. Interpretar partituras demostrando unhas destrezas básicas de interpretación co instrumento asignado.</p>	<p>8.1. Coñece as diferentes frutas.</p> <p>8.2. Participa nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.</p>
	<p>Linguaxe musical</p> <ul style="list-style-type: none"> • A distancia entre notas correlativas. • As notas a contratempo. • A frase musical: pregunta-resposta. 	<p>9. Coñecer a distancia entre notas correlativas.</p> <p>10. Coñecer e intepretar notas a contratempo.</p> <p>11. Coñecer e practicar</p>	<p>9.1. Identifica a distancia entre notas correlativas (ton e semitón).</p> <p>10.1. Coñece e interpreta notas a contratempo.</p>

		a frase musical mediante pregunta-resposta.	10.2. Recoñece a pregunta-resposta na frase musical. 11.1. Crea frases musicais con pregunta-resposta.
MOVIMENTO E DANZA	O corpo <ul style="list-style-type: none"> Movimentos e danza en A muralla e danza Le Basque de M. Marais. 	12. Utilizar as posibilidades expresivas do corpo para realizar as danzas propostas.	12.1. Actúa de forma desinhibida nos movementos e danzas. 12.2. Aplica correctamente a relación entre a amplitude dos xestos corporais e as flutuacións de intensidade dunha peza musical.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (A) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Coñece a distancia entre notas correlativas (ton e semitón). 1.2. Mantén unha actitude atenta e silenciosa na audición de notas correlativas.	<ul style="list-style-type: none"> Actividades de discriminación auditiva entre notas correlativas LA. Actividade do LA de diferenciar notas correlativas.
2.1. Coñece e interpreta notas a contratempo con instrumentos de láminas.	<ul style="list-style-type: none"> Actividade do LA de interpretación de instrumentos de láminas.
3.1. Coñece e practica a pregunta-resposta na frase musical.	<ul style="list-style-type: none"> Actividades suxeridas para practicar pregunta-resposta na frase musical.

4.1. Valora e coñece ao compositor F. Joseph Gossec.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de audición sobre Tambourine de F. Joseph Gossec.
5.1. Entoa con afinación apropiada nas actividades de canto en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de entoación expresiva das cancións do LA. • Exercicios para practicar os recursos expresivos da voz propostos na PD.
6.1. Respecta a duración das notas unidas por ligadura de prolongación.	<ul style="list-style-type: none"> • Actitude atenta na entoación dunha melodía que incorpora ligaduras do LA. • Actividades complementarias propostas na PD para practicar con signos de prolongación.
7.1. Identifica bailes e danzas na música popular.	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación de bailes e danzas na música popular LA.
8.1. Aprende a nota FA e interprétaa correctamente coa frauta. 8.2. Participa nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretación adecuada das melodías de frauta do LA. • Actitude activa na escoita e interpretación instrumental das melodías do LA.
9.1. Coñece as distintas frutas (de pico, travesiras e travesira galega).	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de coñecemento das diferentes frutas.
10.1. Interpreta con frauta cancións populares. 10.2. Interpreta con frauta, PAI ou placas pequenas cancións populares como A saia de Carolina.	<ul style="list-style-type: none"> • Partituras de interpretación con frauta, PAI e placas.LA.
11.1. Participa cantando e bailando na canción A muralla.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade do LA de canto e baile.
12.1. Actúa de forma desinhibida na representación da danza Le basque. 12.2. Aplica correctamente a relación entre a amplitude dos xestos corporais e as fluctuacións de intensidade dunha peza musical.	<ul style="list-style-type: none"> • Actitude atenta para a imitación corporal na actividade de danza que vai realizar.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Captar o sentido das expresións orais: ordes,	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade

	explicacións, indicacións, relatos.	de axuda.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.	Pon atención ás explicacións e respecta a quenda de intervención nas actividades de grupo.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.	Escoita con actitude atenta e respectuosa os sons do contorno.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.	Utiliza o encerado dixital e Internet, tanto para realizar actividades coma para buscar información sobre os contidos da unidade.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na realización das actividades.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	Utiliza os coñecementos adquiridos sobre os signos de prolongación en diferentes situacións.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É respectuoso cos distintos ritmos de aprendizaxe nos traballos en grupo.
	Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.	Respecta as achegas individuais dos demais compañeiros.
	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Participa e compórtase con responsabilidade nas actividades de grupo.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Demostra interese, constancia e iniciativa na creación de actividades artísticas.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Coñece e valora as manifestacións musicais de distintas culturas.

	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Canta e interpreta con instrumentos de forma expresiva.
--	---	---

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: O oído

- Escoitamos e identificamos bailes e danzas na música popular.
- Realizamos actividades de discriminación auditiva de frutas de pico, travesseiras e travesseira galega.
- Discriminamos auditivamente entre notas correlativas.
 - Escoitamos Cantarela dos nenos e Tambourine de F. Joseph Gossec.

Tarefa 2: Música, cultura e sociedade

- Buscamos información sobre o compositor F. Joseph Gossec LA.
- Coñecemos diferentes bailes e danzas na música popular.
- Coñecemos as diferentes frutas que hai (de pico, travesseiras e travesseira galega).

Tarefa 3: A voz

- Entoamos as cancións para a paz, Cantarela dos nenos e A muralla.
- Entoamos notas correlativas.
- Facilitamos a aprendizaxe das cancións mediante os karaokes presentes no LD.

Tarefa 4: Os instrumentos

- Interpretamos e acompañamos coa fruta, con PAI e con láminas cancións populares propostas no LA.
- Creamos acompañamentos rítmicos con instrumentos de percusión segundo as actividades propostas na PD e coñecemos os distintos tipos de frutas que temos.

Tarefa 5: Linguaxe musical

- Coñecemos a distancia entre notas correlativas.
- Realizamos a actividade de interpretación de notas a contratempo.
- Explicamos o concepto de pregunta-resposta para practicar na frase musical.

Tarefa 6: O corpo

- Actuamos cantando e bailando unha canción da paz: A muralla.
- Realizamos a danza Le basque LA.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Predispoñer a escoita atenta das audicións propostas. Estimular a experiencia musical mediante a participación no canto. Integrar o alumnado nas actividades de forma activa e participativa. Partir das ideas previas para asimilar os conceptos da unidade. Poñer en practica as recomendacións básicas para a interpretación de melodías coa fruta doce. Utilizar o xogo como base da expresión musical.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Detección de ideas previas acerca dos conceptos da unidade.
- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Estimular a improvisación rítmico-corporal.
- Exposición do profesor.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Música:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio e os CD audio da proposta didáctica.
- Os murais que acompañan a proposta didáctica: fruta doce (I), linguaxe musical, instrumentos da aula.
- A fruta doce, instrumentos de percusión e de láminas.

Recursos dixitais

- Libro dixital: Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Uso das tics, aula virtual, páxina web...

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?

- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

Unidade 4

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliábeis
4. Selección de evidencias para o portfolio

5. Competencias: descritores e desempeños
 6. Tarefas
 7. Estratexias metodolóxicas
 8. Recursos
 9. Ferramentas de avaliación
 10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
 11. Autoavaliación do profesorado
-

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Pirimpimpín

Descrición da unidade

As principais correntes pedagóxicas en educación musical coinciden na vivencia da música mediante a experiencia física. Destacaremos nesta unidade a canción popular e a danza. A experiencia musical, por medio do movemento e a danza, adoita ser o camiño máis curto para espertar nas persoas sentimentos e emocións que puidesen estar adormecidos. O corpo pode ser unha escultura viva chea de beleza cando é levado pola música.

Temporalización:

Febreiro Marz

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer o carácter da música e relacionar fragmentos musicais con imaxes.
- Coñece os termos do tempo musical.
- Recoñecer os diferentes estilos musicais na música galega.
- Distinguir o tipo de ritmo e o compás de diversas obras.
- Coñecer distintas agrupacións musicais doutras culturas.
- Participar e aprender os movementos das danzas propostas.
- Analizar o potencial expresivo que ten a música ligada a outras culturas.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
